

Informe da
situación da **mocidade** no mercado
2010 laboral galego

Informe da
situación da **mocidade** no mercado
laboral galego
2010



EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Berta Martínez Seijo
Ricardo Fernández López
Mar Martínez Besada
M.^a Esther Sánchez González
M.^a Belén Yáñez Barge
Eva Uriach Masgoret
Tomás González Mouriño
Juan Cirilo Arnosa Casal
Rosa M.^a Fernández Fernández

EQUIPO AUXILIAR:

M.^a Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
Francisco de Cal Pose
M.^a José Porto Pardiñas

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A. (Santiago)

DEPÓSITO LEGAL: C 4053-2010

PRESENTACIÓN

Este informe pretende achegarnos á realidade da mocidade galega nun mercado tan variable e complexo como é o laboral, onde a participación e a incidencia da xuventude é un factor relevante. O obxectivo esencial deste documento é analizar e valorar a incidencia da poboación menor de trinta anos no mercado de traballo durante o ano 2009 a través dunha análise socioeconómica do marco xeral onde se asenta o mundo laboral.

No marco xeral da agudización dos problemas de emprego, a inserción laboral da mocidade resulta particularmente crítica. A taxa de desemprego non é o único indicador que revela a posición desfavorable dos máis novos no mercado de traballo; tamén constitúen o grupo de menores ingresos, menor permanencia e estabilidade no mercado laboral e condicións de contratación máis precarias. Polo tanto, constitúe unha necesidade imperiosa reverter esta situación e aproveitar ao máximo todo o potencial produtivo que é capaz de chegar a poboación xuvenil; para iso resulta fundamental fomentar e asegurar a dispoñibilidade de emprego de calidade.

O informe sobre a situación da mocidade no mercado de traballo galego que presentamos pretende dar información para poder adoptar as medidas pertinentes que permitan incidir na realidade do emprego xuvenil de cara á súa mellora.

PRESENTACIÓN.....	3
ÍNDICE	5
INTRODUCCIÓN	7
1. CARACTERIZACIÓN DEMOGRÁFICA	9
2. ACTIVIDADE E OCUPACIÓN XUVENIL SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA.....	15
3. PARO REXISTRADO	19
4. CONTRATACIÓN	33
5. MOBILIDADE XEOGRÁFICA POR MOTIVOS LABORAIS	51
6. AFILIACIÓN	61
7. SALARIOS DA MOCIDADE GALEGA	73
8. FORMACIÓN PARA O EMPREGO	77
9. SINISTRALIDADE LABORAL.....	85
10. CONCLUSIÓN.....	87

INTRODUCCIÓN

O panorama xeral da situación actual da mocidade galega no mercado laboral presenta un agravamento da problemática xeral provocada pola crise económica. A incidencia da crise está presente en todos os sectores económicos, pero, dada a tendencia crecente cara á terciarización da economía, a maior repercusión recae no sector de servizos, que é onde se concentra o 81% da contratación xuvenil. Este colectivo, ademais, arrastra deficiencias estruturais que o fan especialmente vulnerable ante a inestabilidade do mercado laboral. A temporalidade contractual, as elevadas taxas de rotación, os baixos salarios e a precariedade do emprego recaen con especial crueza na realidade laboral da mocidade galega.

Concretamente, neste informe queremos poñer de manifesto os principais trazos que caracterizan a situación laboral da nosa xuventude. Para iso, facemos un repaso da evolución experimentada nos últimos anos a través dos indicadores máis representativos do mercado de traballo: actividade, emprego, desemprego e contratación, así como a incidencia da formación para o emprego e a mobilidade xeográfica por motivos laborais. Tamén analizaremos as principais magnitudes salariais do colectivo xuvenil.

Esta análise baséase en distintas fontes de información estatística, como a recollida de datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), que é un importante instrumento para medir as variables fundamentais que configuran o mercado de traballo en Galicia. Esta información vén facilitada polo Instituto Nacional de Estatística e polo Instituto Galego de Estatística. Así mesmo, utilizouse información estatística subministrada polo Servizo Público de Emprego Estatal e polas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e tamén acudimos a outras fontes, como a Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Con estas fontes como principais referentes, revisamos os datos do ano 2009 e a evolución experimentada respecto a anos anteriores, tendo en conta que para algúns indicadores non dispoñemos de información tan actualizada. Concretamente a Clasificación de Actividades Económicas revisouse no ano 2009, polo que facer a evolución con respecto a anos anteriores presenta dificultades ao non presentar a CNAE de 2009 unha equivalencia total con respecto á do ano 1993.



1. CARACTERIZACIÓN DEMOGRÁFICA

O aumento de poboación en idade de traballar constitúe un factor relevante para aumentar o potencial de crecemento económico. Non obstante, o volume total de poboación maior de 16 anos, é dicir, a que se considera potencialmente activa, descendeu en Galicia en 2009 con respecto ao ano anterior. Logo dunha serie de anos de crecemento da poboación activa galega, en 2009 invértese a tendencia e pasamos de 1.324.100 activos rexistrados no cuarto trimestre de 2008 a 1.307.300.

Un dos principais condicionantes da evolución da poboación en idade de traballar vén determinado por factores demográficos. No caso de Galicia, o saldo vexetativo (negativo en 6.226 persoas no ano 2008) e o envellecemento da poboación son factores que pesan no descenso da poboación potencialmente activa. Porén, a actual situación de crise económica parece ser un condicionante máis determinante que o factor demográfico, dado que ata o ano 2009 a poboación activa creceu malia subsistir a mesma problemática (envellecemento da poboación e saldo vexetativo negativo).

De todos os xeitos, resulta evidente que os indicadores demográficos de Galicia inciden negativamente sobre a potencialidade dos nosos recursos humanos. O signo dominante da poboación activa galega vén marcado por unha tendencia cara a un maior envellecemento. Deste xeito, o segmento de poboación activa máis nova, o comprendido entre maiores de 16 e menores de 30 anos, sufriu en 2009 unha perda de 17.013 efectivos, mentres que os maiores de 29 experimentaron un crecemento neto de 25.810.

Nas súas últimas proxeccións de poboación, o IGE presenta un panorama preocupante para Galicia, pois calcula que no ano 2017 a cifra de mozos entre os 15 e os 29 anos residentes na nosa comunidade se reducirá considerablemente (nun escenario medio, aproximadamente 86.000 persoas). A redución do peso demográfico da mocidade galega, que continuará

Poboación galega por sexo e grupos de idade


Galicia 2005	TOTAL	HOMES	MULLERES
Total	2.762.198	1.330.703	1.431.495
16-19	111.849	57.132	54.717
20-24	182.224	92.750	89.474
25-29	223.686	112.341	111.345
Total 16 a 29	517.759	262.223	255.536
Galicia 2006			
Total	2.767.524	1.333.797	1.433.727
16-19	108.161	55.279	52.882
20-24	171.976	87.551	84.425
25-29	219.911	110.586	109.325
Total 16 a 29	500.048	253.416	246.632
Galicia 2007			
Total	2.772.533	1.337.159	1.435.374
16-19	105.049	53.808	51.241
20-24	162.258	82.391	79.867
25-29	213.344	107.728	105.616
Total 16 a 29	480.651	243.927	236.724
Galicia 2008			
Total	2.784.169	1.344.268	1.439.901
16-19	102.374	52.562	49.812
20-24	155.684	79.170	76.514
25-29	206.261	104.419	101.842
Total 16 a 29	464.319	236.151	228.168
Galicia 2009			
Total	2.796.089	1.349.603	1.446.486
16-19	100.299	51.548	48.751
20-24	149.551	76.086	73.465
25-29	197.456	100.041	97.415
Total 16 a 29	447.306	227.675	219.631

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. IGE

polo tanto nos próximos anos, contrasta coa necesidade de que sexa unha forza produtiva, debido ao incremento da poboación pasiva da terceira idade.

Segundo os datos do padrón referidos a 2009, a poboación xuvenil de Galicia, considerando como tal os que contan entre 16 e 29 anos, ascendía a 447.306 persoas, o que representaba o 16% do total da poboación. O peso demográfico dos mozos galegos presenta unha constante tendencia á baixa que contrasta co aumento do número de efectivos entre o colectivo de maiores de 29. A porcentaxe da poboación xuvenil, que en 2005 representaba o 18,7% do total, pasou en 2009 a representar o 16% logo dun descenso continuado ano a ano.

Porcentaxe de poboación menor de trinta anos en Galicia




Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. IGE

Dentro da propia configuración demográfica da mocidade, observamos que na estrutura por grupos de idade o descenso de poboación xuvenil é unha constante nos tres estratos en que subdividimos os menores de trinta. Desde o ano 2005 ata 2009 o peso dos mozos no conxunto da poboación descendeu en 2,7 puntos porcentuais.

Este descenso xeneralizado abrangue tanto os mozos máis novos como os de maior idade, aínda que o principal descenso se rexistra no grupo intermedio, concretamente entre as persoas de idades comprendidas entre os vinte e os vinte e catro anos.


Tendencia 2005/2009 da poboación menor de trinta anos segundo grupos de idade. Galicia



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. IGE

Se atendemos á distribución por sexo, o descenso da poboación xuvenil faise máis notorio no caso das mozas, que amosan unha perda de peso demográfico dun 9,2%, fronte ao 8,5% que rexistran os mozos.

Tendencia 2005/2009 da poboación de 16 a 29 segundo sexo




Tendencia 2005/2009 da poboación total segundo sexo




Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. IGE

De todos os xeitos, a pesar da maior diminución de mulleres neste tramo de idade, seguen a manter en 2009 unha porcentaxe lixeiramente superior á dos homes. De cada 100 mozos entre 16 e 29 anos hai 51 mulleres e 49 homes.

Poboación total



Poboación 16 a 29 anos



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. IGE


O comportamento provincial non denota diverxencias con respecto ao total de Galicia. As catro provincias manteñen as mesmas constantes demográficas entre a poboación de menor idade.

Ano 2009	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	total	home	muller	total	home	muller	total	home	muller	total	home	muller
Total	1.145.488	550.841	594.647	355.195	172.943	182.252	335.642	16.1454	174.188	959.764	464.365	495.399
16-19	39.692	20.469	19.223	1.1874	6.114	5.760	11.048	5.674	5.374	37.685	19.291	18.394
20-24	60.354	30.680	29.674	18.369	9.329	9.040	16.674	8.506	8.168	54.154	27.571	26.583
25-29	81.647	41.198	40.449	23.036	11.777	11.259	2.0937	10.670	10.267	71.836	36.396	35.440
Total 16 a 29	181.693	92.347	89.346	53.279	27.220	26.059	48.659	24.850	23.809	163.675	83.258	80.417

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. IGE


O maior número de mozos e mozas concéntrase no tramo de maior idade; o 44% teñen entre 25 e 29, seguidos polos comprendidos entre 20 e 24, que rexistran un 34%, e, por último, os máis novos representan a porcentaxe máis baixa, cun 22%.

% de poboación menor de trinta anos segundo grupos de idade. Galicia 2009



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. IGE

Peso porcentual da poboación de 16 a 29 anos a nivel comarcal. Galicia 2009



En xeral, as comarcas que se atopan máis cerca da faixa costeira, especialmente as da metade sur, rexistran unha maior porcentaxe de poboación xuvenil. As comarcas do interior, sobre todo as do sur e as máis orientais, presentan os índices máis baixos de representatividade xuvenil.



2. ACTIVIDADE E OCUPACIÓN XUVENIL SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

	Activos en miles			Taxa % actividade			Ocupados (en miles)			Taxa % ocupación		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia 2009/IV												
Total	1307,3	708,2	599	54,8	62,1	48,1	1139	624,1	514,7	47,7	54,8	41,3
De 16 a 19 anos	14,7	10,7	4	15,4	22	8,6	8,3	6,5	1,8	8,7	13,3	3,9
De 20 a 24 anos	86,9	46,6	40,4	60,4	63,8	56,9	61,3	33,9	27,4	42,6	46,5	38,6
De 25 a 29 anos	163,5	84,8	78,7	85	86,9	83	131,7	67,6	64,2	68,5	69,3	67,8
<30	265,1	142,1	123,1	61,5	64,8	58,0	201,3	108	93,4	46,7	49,3	44,0
A Coruña												
Total	561,1	300,9	260,2	57,2	65,1	50,2	496,2	268,9	227,2	50,6	58,2	43,8
De 16 a 19 anos	4,2	2,9	1,3	11,9	16	7,6	1,8	1,6	0,2	5,1	8,9	1,2
De 20 a 24 anos	37,3	19,6	17,7	61,9	64,7	59	28,2	15,3	12,9	46,8	50,7	43,0
De 25 a 29 anos	67,5	34,9	32,6	83,7	86,7	80,8	57,2	29,6	27,6	71,0	73,4	68,5
<30	109	57,4	51,6	62,0	64,9	59,0	87,2	46,5	40,7	49,6	52,5	46,6
Lugo												
Total	151,1	81,9	69,2	49,4	55,2	43,9	135,6	73,9	61,7	44,3	49,8	39,1
De 16 a 19 anos	1,3	1,1	0,2	11,3	18,7	3,9	1,2	1	0,2	10,6	17,9	3,6
De 20 a 24 anos	10,5	4,9	5,7	56,4	55,1	57,6	6,9	3,2	3,7	36,9	36,0	37,8
De 25 a 29 anos	15	8,5	6,5	78,7	85,5	71,3	12	6,7	5,3	63,2	67,7	58,2
<30	26,8	14,5	12,4	54,7	59,4	50,6	20,1	10,9	9,2	41,0	44,7	37,6
Ourense												
Total	135,2	71,7	63,5	46,8	52,5	41,7	118,3	64	54,3	40,9	46,9	35,7
De 16 a 19 anos	2,6	1,8	0,7	24,5	32,2	15,1	1,4	1	0,4	13,5	17,5	8,5
De 20 a 24 anos	8,2	4,1	4	51,2	59,3	45	5,4	3,1	2,3	34,0	44,9	25,6
De 25 a 29 anos	14,1	7,9	6,2	85,6	87,4	83,4	11,5	6,9	4,6	69,7	75,8	62,2
<30	24,9	13,8	10,9	58,2	63,6	51,7	18,3	11	7,3	42,8	50,7	34,6
Pontevedra												
Total	459,7	253,6	206,1	56,7	64,6	49,3	388,9	217,3	171,6	48,0	55,4	41,1
De 16 a 19 anos	6,7	4,9	1,8	17,4	25,4	9,2	3,8	2,9	0,9	9,9	15,0	4,7
De 20 a 24 anos	31	18	13	63,2	66,9	58,7	20,9	12,3	8,6	42,7	45,7	38,9
De 25 a 29 anos	66,9	33,5	33,4	87,7	87,2	88,2	51,1	24,4	26,6	67,0	63,5	70,2
<30	104,6	56,4	48,2	63,9	66,7	61,0	75,8	39,6	36,1	46,3	46,8	45,7

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE

O descenso da poboación xuvenil en idade de traballar como consecuencia dos cambios demográficos motivados fundamentalmente pola redución da natalidade, está a supoñer unha diminución da poboación activa xuvenil, é dicir, a que se incorporou efectivamente ao mercado de traballo. Esta redución reflíctese no descenso das taxas de actividade detectado na poboación xuvenil. A este condicionamento hai que engadirlle a situación de crise económica que acentúa a xa insuficiente oferta de emprego e condiciona a incorporación dos mozos e mozas ao mercado laboral.

Tanto no conxunto de Galicia como nas catro provincias, o subgrupo de activos de entre 25 e 29 anos é o máis numeroso, seguido dos comprendidos entre 20 e 24, e dos menores de 20; estes dous últimos grupos rexistran menores niveis de actividade, dado que en moitos casos aínda non abandonaron o sistema educativo.

As taxas de actividade dos menores de trinta son superiores ás do total da poboación nas catro provincias galegas. Para o conxunto de Galicia, a taxa de actividade xuvenil acadou no ano 2009 o 61,5%, mentres que para o total da poboación foi do 54,8%. O subgrupo de idade de 25 a 29 anos rexistra unha alta taxa de actividade, concretamente o 85%; os de 20 a 24 tamén acadan uns niveis de actividade superiores á media, mentres que os máis novos, de 16 a 19, presentan as taxas máis reducidas (15,4%).

A maior taxa de actividade xuvenil atopámola na provincia de Pontevedra, cun 63,9%; pola contra, a máis baixa rexístrase en Lugo, cun 54,7%; Ourense tamén presenta unha taxa de actividade máis baixa (58,2%), e A Coruña, co 62%, é a segunda máis alta. En xeral, podemos concluír que as dúas provincias atlánticas acadan maiores valores nas taxas de actividade xuvenil que as provincias de Lugo e Ourense.

Se incidimos na perspectiva do xénero, os mozos galegos presentan, en termos xerais, un maior volume de activos que as mulleres. A taxa de actividade xuvenil das mulleres sitúase no 58%, mentres que os homes acadan o 64,8%. Existen excepcións a esta preeminencia masculina, que son as protagonizadas polas traballadoras de 20 a 24 anos na provincia de Lugo, que rexistran unha taxa de actividade do 57,6%, fronte ao 55,1% dos homes desa mesma idade, así como as mulleres de 25 a 29 anos da provincia de Pontevedra, cunha taxa do 88,2%, mentres que os homes nese grupo de idade presentan unha taxa do 87,2%.

No que respecta á ocupación, observamos que, en consonancia cos niveis de actividade, o subgrupo de activos de entre 25 e 29 anos é o máis numeroso, seguido dos comprendidos entre 20 e 24, e, por último, loxicamente, dos menores de 20. De todos os xeitos, se tomamos os mozos do último tramo de idade (25 a 29), observamos que rexistran unha taxa de ocupación superior á media para todas as idades, tanto no conxunto de Galicia como en cada unha das catro provincias; concretamente, un 68,5%.

No ano 2009 en Galicia vemos que, do total de 265.100 activos menores de trinta, 201.300 son ocupados, o que supón unha taxa de ocupación do 46,7%, un 1% menor que a do total dos galegos de todas as idades, que se sitúa no 47,7%.

As maiores taxas de ocupación xuvenil atopámolas de novo nas provincias da Coruña (49,6%) e Pontevedra (46,3%), mentres que Lugo e Ourense acadan uns valores inferiores de ocupación: 41% e 42,8% respectivamente.

No que respecta ás diferenzas de ocupación xuvenil por xénero, os homes presentan un maior volume de ocupabilidade que as mulleres; as excepcións son as mesmas que no caso da actividade: o colectivo de mulleres de 20 a 24 na provincia de Lugo e de 25 a 29 na provincia de Pontevedra, onde a taxa de ocupación feminina é superior á masculina.

PARO XUVENIL SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

2009/IV PARADOS

Galicia	Total	Homes	Mulleres
Total	168,4	84,1	84,3
De 16 a 19 anos	6,4	4,2	2,2
De 20 a 24 anos	25,6	12,7	12,9
De 25 a 29 anos	31,7	17,2	14,5
<30	63,7	34,1	29,6
A Coruña	Total	Homes	Mulleres
Total	65	32	33
De 16 a 19 anos	2,4	1,3	1,1
De 20 a 24 anos	9	4,2	4,8
De 25 a 29 anos	10,3	5,3	5
<30	21,7	10,8	10,9
Lugo	Total	Homes	Mulleres
Total	15,5	8	7,6
De 16 a 19 anos	0,1	0,1	—
De 20 a 24 anos	3,6	1,7	2
De 25 a 29 anos	3	1,8	1,2
<30	6,7	3,6	3,2
Ourense	Total	Homes	Mulleres
Total	17	7,8	9,2
De 16 a 19 anos	1,2	0,9	0,3
De 20 a 24 anos	2,8	1	1,8
De 25 a 29 anos	2,6	1	1,5
<30	6,6	2,9	3,6
Pontevedra	Total	Homes	Mulleres
Total	70,9	36,4	34,5
De 16 a 19 anos	2,8	2	0,8
De 20 a 24 anos	10,1	5,7	4,4
De 25 a 29 anos	15,8	9,1	6,8
<30	28,7	16,8	12

2009/IV TAXA DE PARO%

Galicia	Total	Homes	Mulleres
Total	12,9	11,9	14,1
De 16 a 19 anos	43,7	39,5	55,1
De 20 a 24 anos	29,5	27,2	32
De 25 a 29 anos	19,4	20,3	18,5
<30	24,0	24,0	24,0
A Coruña	Total	Homes	Mulleres
Total	11,6	10,6	12,7
De 16 a 19 anos	56,3	43,5	85
De 20 a 24 anos	24,3	21,7	27,1
De 25 a 29 anos	15,3	15,2	15,3
<30	19,9	18,8	21,1
Lugo	Total	Homes	Mulleres
Total	10,3	9,7	11
De 16 a 19 anos	6	7,3	—
De 20 a 24 anos	34,5	33,8	35,1
De 25 a 29 anos	19,9	21	18,6
<30	25,0	24,8	25,8
Ourense	Total	Homes	Mulleres
Total	12,6	10,8	14,5
De 16 a 19 anos	45,6	48,3	38,6
De 20 a 24 anos	34,4	25,5	43,4
De 25 a 29 anos	18,4	13,2	25,1
<30	26,5	21,0	33,0
Pontevedra	Total	Homes	Mulleres
Total	15,4	14,3	16,7
De 16 a 19 anos	42,3	40,7	46,6
De 20 a 24 anos	32,7	31,8	33,9
De 25 a 29 anos	23,7	27,1	20,3
<30	27,4	29,8	24,9

Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE


As principais fontes de información sobre o desemprego son a Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE e a Estatística de Paro Rexistrado dos Servizos Públicos de Emprego. A EPA considera parados os desocupados que buscan emprego activamente e están dispoñibles para se incorporaren ao traballo, independentemente de que estean ou non inscritos nas oficinas dos Servizos Públicos de Emprego.

En Galicia no derradeiro trimestre de 2009, o número de parados acadou unha cifra de 168.400 persoas, das cales 63.700 son menores de trinta anos, o que supón unha taxa de desemprego xuvenil do 24%, case o dobre da taxa de paro para o conxunto da poboación, que é do 12,9%. A taxa de paro xuvenil vaise reducindo a medida que os mozos e mozas se van achegando aos trinta anos; aínda así, a taxa do colectivo xuvenil de máis idade, que comprende o tramo que vai desde 25 a 29 anos, rexistra un valor do 19,4%, un 6% máis elevado que a taxa para o conxunto da poboación.

A taxa de paro xuvenil máis baixa rexístrase na provincia da Coruña, cun valor do 19,9%; pola contra, a máis alta atópase na provincia de Pontevedra, co 27,4%. As provincias de Ourense e Lugo acadan unhas taxas do 26,5% e 25% respectivamente.

A taxa de paro dos menores de trinta en Galicia é a mesma para homes e mulleres; isto é debido ao efecto compensatorio da provincia de Pontevedra, que rexistra unha menor taxa de desemprego xuvenil feminino que masculino. No resto das provincias, o desemprego feminino é maior. No tramo de 25 a 29 anos o desemprego feminino é inferior ao dos homes nas provincias de Pontevedra e Lugo, e practicamente igual na Coruña. No resto de tramos de idade xuvenil o desemprego feminino é superior.

Menores de 30. Galicia IV trimestre 2009



Fonte: Enquisa de Poboación Activa. INE

3. PARO REXISTRADO

Galicia. Paro rexistrado 2009		Homes	Mulleres	Total
A Coruña	16 a 29	10.822	9.980	20.802
	>29	30.639	38.153	68.792
Lugo	16 a 29	2.831	2.560	5.391
	>29	7.734	8.043	15.777
Ourense	16 a 29	2.718	2.643	5.361
	>29	8.616	10.891	19.507
Pontevedra	16 a 29	11.368	9.973	21.341
	>29	28.759	37.109	65.868
Galicia	16 a 29	27.739	25.156	52.895
	>29	75.748	94.196	169.944


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Ademais da EPA, a outra fonte de información sobre o desemprego é a Estatística de Paro Rexistrado dos Servizos Públicos de Emprego. Nela están incluídas aquelas persoas que se inscriben como dem andantes nas oficinas públicas de emprego, excluindo determinados colectivos que si recolle a EPA, como por exemplo os menores de 25 anos que continúan a estudar, as persoas que buscan empregos de curta duración ou con xornada moi reducida, ou os ocupados que aspiran a mellorar o seu emprego.

A cifra total de parados inscritos como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia ascendeu en 2009 a 222.839, dos cales 52.895 son menores de trinta anos, o que representa o 23,7% do conxunto de parados galegos. En Lugo e Pontevedra a porcentaxe de paro xuvenil sobre o total é superior á media; en concreto, acada o 25,5% e o 24,5% respectivamente. A provincia de Ourense, cun 21,6%, e a da Coruña, cun 23,2%, atópanse por debaixo da media.

O desemprego xuvenil masculino representa o 52%, o que supón unha cifra de 27.739 mozos parados, por 25.156 mulleres paradas menores de trinta (48%). Este dato non pode facernos esquecer o feito de que os homes presentan case 20.000 activos máis que as mulleres, polo que o colectivo feminino sofre en maior medida o desemprego xuvenil.

Porcentaxe de demandantes parados menores de 30 anos segundo sexo. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

En 2009 o paro xuvenil ascendeu en máis de 17.000 persoas desde 2007, 8.000 delas con respecto a 2008. O maior incremento do desemprego produciuse no ano 2008; en 2009 o paro seguiu a crecer, aínda que a un ritmo algo inferior.


O desemprego xuvenil castiga con maior intensidade a provincia de Pontevedra, que rexistrou 21.341 parados menores de trinta anos en 2009, por 20.802 da Coruña, provincia que conta con 3.400 activos máis que Pontevedra para este tramo de idade.

Galicia. Paro rexistrado		2005	2006	2007	2008	2009
A Coruña	16 a 29	18.978	15.935	13.807	17.052	20.802
Lugo	16 a 29	5.320	4.245	3.923	4.367	5.391
Ourense	16 a 29	5.365	4.336	3.989	4.616	5.361
Pontevedra	16 a 29	19.437	15.049	13.629	18.492	21.341
Galicia	16 a 29	49.100	39.565	35.348	44.527	52.895

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A incidencia da crise económica faise evidente en 2008, logo de anos de descenso do paro. A variación anual dese ano increméntase nun 26%, e segue a crecer en 2009 un 18% máis.

Peso porcentual de demandantes parados de 16 a 29 anos a nivel comarcal. Galicia 2009




En xeral, as comarcas da provincia de Ourense, agás as únicas excepcións da propia comarca da capital e a de Valdeorras, rexistran os índices máis baixos de paro xuvenil de toda Galicia; fóra desta provincia, tamén destacan neste sentido as comarcas coruñesas de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Muros, todas elas limítrofes. Pola contra, as comarcas interiores de Lugo, O Deza e A Ulloa, e as costeiras de Barbanza, O Salnés, O Morrazo e O Baixo Miño, xunto coas mariñas Occidental e Central, rexistran a maior porcentaxe de paro entre os menores de trinta anos, superando o 25% do total dos parados desas comarcas.

Variación anual de paro rexistrado menores de 30 anos. Galicia

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O incremento do desemprego xuvenil foi superior ao da poboación de trinta e máis anos. Este colectivo rexistrou nestes dous últimos anos unha variación anual superior nun 4,5% en 2008 e un 1,9% en 2009.

Variación anual de paro rexistrado de 30 e máis anos. Galicia

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A tendencia do desemprego en Galicia nos últimos cinco anos confirma a maior incidencia da crise económica no colectivo xuvenil. O desemprego da poboación de menos de trinta anos rexistrou un incremento do 31,8% desde o ano 2005, mentres que para as persoas de trinta anos en diante o aumento porcentual presentou un valor do 25,5%.


Tendencia quinquenal de paro rexistrado. Galicia 2005-2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

En canto á evolución mensual dos parados en Galicia no ano 2009, pódese observar o seguinte gráfico.


Variación mensual de paro rexistrado 16 a 29 anos. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia


En termos xerais, a tendencia mensual que presentan mozos e mozas ao longo do ano rexistra unha evolución similar. Logo do incremento do desemprego no primeiro trimestre do ano, a partir do mes de abril o desemprego xuvenil comeza a diminuír en ambos os dous sexos, e mantén esa tendencia ata setembro. O lixeiro descenso experimentado en abril incrementábase en xuño ao empezar o período estival, segue baixando en xullo, mentres que en agosto xa se rexistra un lixeiro incremento do desemprego xuvenil, que continua ata novembro, e no mes de decembro as mulleres menores de trinta rexistran un lixeiro descenso.

Variación mensual de paro rexistrado. 16 a 29 e máis de 29 anos. Galicia 2009



A liña evolutiva dos parados de trinta e máis anos presenta un comportamento máis regular e acusa menos a estacionalidade que o colectivo de desempregados de menor idade, aínda que en termos xerais presenta unha tendencia mensual similar.

Parados de 16 a 21 anos por nivel académico. Galicia 2009




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

En canto ao nivel de estudos dos desempregados galegos menores de trinta anos, podemos dicir, á vista dos datos, que a maior cantidade aparece entre os que teñen a titulación máis básica, mentres que a medida que se avanza no grao académico o paro diminúe. O nivel académico non só inflúe no aspecto cuantitativo, senón tamén

no cualitativo; os mozos parados que posúen certificado de escolaridade ou titulación de ensinanza obrigatoria son máis proclives a unha maior precariedade no emprego e nas condicións laborais.

O 60% dos parados galegos de menos de trinta anos teñen certificado de escolaridade e titulación en ensinanza obrigatoria; pola contra, os titulados universitarios e os que teñen bacharelato presentan unha porcentaxe de desemprego inferior.

Variación 2005-2009 para rexistrado de menores de trinta. Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A tendencia da evolución do desemprego en Galicia no último quinquenio presenta un panorama xeneralizado de incremento do desemprego xuvenil. O único colectivo onde diminuíu o paro foi entre o segmento de poboación que cursou estudos de bacharelato superior e COU. O incremento do desemprego entre os titulados universitarios é o menor dos catro colectivos restantes; pola contra, os mozos que só posúen o certificado de escolaridade, é dicir, os que teñen a cualificación máis baixa, experimentaron un incremento do desemprego moi superior ao resto de traballadores con outros niveis académicos.

Parados por tempo de busca de emprego	2005	2006	2007	2008	2009	Porcentaxe 2009	Variación 05-09
	16 a 29	16 a 29	16 a 29	16 a 29	16 a 29	16 a 29	16 a 29
<= 1 mes	9.151	7.583	7.136	8.871	9.114	17,2%	11,3%
De 1 a 6 meses	24.009	19.894	18.384	24.854	26.574	50,2%	22,0%
De 6 a 12 meses	7.786	5.832	5.176	6.557	9.775	18,5%	54,2%
De máis de 12 meses	8.154	6.256	4.652	4.245	7.432	14,1%	27,5%
Total xeral	4.9100	39.565	35.348	44.527	52.895	100,0%	

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia


Por duración da demanda, podemos afirmar que a metade dos demandantes parados menores de trinta anos levan entre un mes e seis meses nesa situación. O paro de curta duración en Galicia é predominante entre a poboación xuvenil, dado que a este 50% debemos sumarlle o 17,2% de mozos e mozas que abandonan a situación de demandantes parados antes dun mes. Na evolución dos últimos anos os parados de curta duración foron o colectivo que en menor medida viu incrementadas as súas cifras de paro. A mocidade galega atopa maioritariamente traballo nun período de tempo inferior a un ano. Os parados de longa duración, entendida esta como os que ven prolongada a súa situación de desemprego por tempo superior a un ano, supoñen o 14% do total, aínda que este foi o colectivo que máis creceu con respecto a 2008.

Paro <30	2005	2006	2007	2008	2009
Sector construción	4.335	3.301	3.098	5.558	7.464
Sector primario	954	757	690	863	1.237
Sector secundario	5.716	4.254	3.867	5.688	7.555
Sector servizos	26.640	21.446	18.493	23.019	27.799
Sen emprego anterior	11.455	9.807	9.200	9.399	8.840
Total xeral	49.100	39.565	35.348	44.527	52.895

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Dentro da poboación menor de 30 anos, o colectivo de desempregados sen emprego anterior rexistrou un descenso de parados nos anos 2008 e 2009. Nos catro grandes sectores apréciase o incremento do desemprego. O paro xuvenil creceu porcentualmente máis no sector primario, aínda que se trata do sector económico de menor actividade en Galicia. Pola contra, o sector servizos, principal empregador da xuventude galega, rexistra o menor incremento do paro xuvenil, pasando de 23.019 desempregados en 2008 a 27.799 en 2009. Foi en 2008 cando se produciu un maior incremento no número de parados, concretamente 4.526 con respecto ao ano anterior.


Porcentaxe de paro xuvenil por sectores. Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O sector secundario e a construción foron os dous sectores nos que se acadou unha alza maior no desemprego xuvenil no ano 2009. A construción incrementou os seus niveis de desemprego xuvenil en máis do cincuenta por cento nos dous últimos anos: en 2007 había 3.098 desempregados no sector e en 2009 a cifra elévase ata os 7.464. O sector secundario experimentou en 2009 un aumento do paro do dobre do que rexistraba en 2007.


Paro rexistrado de demandantes de emprego menores de 30 anos segundo sectores de actividade económica. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

É no sector servizos onde se concentran máis intensamente tanto o desemprego xuvenil como a ocupación. O 53% dos parados menores de trinta atópanse neste sector. Os mozos sen emprego anterior supoñen o 17%, mentres que a construción e o sector servizos acadan un nivel de desemprego similar, en torno ao 14%. O sector primario só supón o 2%.

Evolución do paro xuvenil por sectores. Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Como vemos no gráfico, o paro xuvenil en Galicia descendeu en todos os sectores de xeito sostido ata o ano 2007; a partir dese ano entra en xogo a incidencia da crise económica e os dous últimos anos supoñen un aumento continuo do desemprego en todos os sectores da economía galega, a excepción do colectivo de mozos sen emprego anterior.


As 10 actividades máis importantes entre os demandantes parados <30 (CNAE-2díxitos) Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Das dez principais actividades económicas das que proveñen os parados xuvenís, seis pertencen ao sector servizos, dous á construción e dous ao sector secundario. O comercio ao retallo rexistrou en 2009 unha cifra de case cinco mil parados menores de trinta anos. En actividades de construción especializada o paro xuvenil chega ata as 4.803 persoas.


As 10 ocupacións máis solicitadas homes parados menores de trinta anos. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Seis das dez ocupacións máis demandas polos mozos galegos menores de trinta anos están ligadas ao sector da construción, e só unha, a de camareiro, pertence ao sector servizos, que, como veremos no seguinte gráfico, é un sector fortemente feminizado. Ocupacións de escasa cualificación, como mozo de carga e descarga ou peóns da construción e da industria manufactureira, son as máis demandadas polos mozos galegos.

As 10 ocupacións máis solicitadas por mulleres paradas menores de 30 anos. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nove das dez ocupacións máis solicitadas polas desempregadas galegas menores de trinta anos están encadradas no sector servizos; a única ocupación do sector secundario fai referencia a peóns da industria manufactureira. En xeral trátase de ocupacións de forte presenza feminina e escaso nivel de cualificación.



4. CONTRATACIÓN

Contratos


	2005			2006			2007			2008			2009			
Galicia	home	muller	total	home	muller	total	home	muller	total	home	muller	total	home	muller	total	total %<30
A Coruña 16 a 29	93.704	85.230	178.934	97.821	88.560	186.381	96.847	88.963	185.810	81.797	7.9047	160844	62.696	62.868	125.564	43,2
Total A Coruña	181.155	158.985	340.140	192.685	172.857	365.542	193.307	180.131	373.438	174.490	16.8668	343158	145.494	144.857	290.351	
Lugo 16 a 29	18.434	19.558	37.992	196.36	21.056	40.692	18.644	17.182	35.826	16.816	16.192	33008	14.053	13.927	27.980	41,9
Total Lugo	39.083	40.636	79.719	42.513	44.193	86.706	41.189	37.111	78.300	38.823	35.925	74748	34.372	32.250	66.622	
Ourense 16 a 29	16.841	14.377	31.218	16.536	14.971	31.507	16.786	15.208	31.994	14.304	13.753	28057	12.563	11.904	24.467	42,6
Total Ourense	33.838	28.905	62.743	34.869	30.912	65.781	35.488	32.809	68.297	31.493	31.127	62620	28.957	28.410	57.367	
Pontevedra 16 a 29	89.311	68.881	158.192	95.317	75.388	170.705	90.579	77.275	167.854	76.087	67.717	143804	58.813	54.259	113.072	42,0
Total Pontevedra	173.723	134.903	308.626	188.693	150.872	339.565	186.258	158.339	344.597	165.652	147.992	313644	141.417	127.374	26.8791	
Total xeral	427.799	363.429	791.228	458.760	398.834	857.594	456.242	408.390	864.632	410.458	383.712	794170	350.240	332.891	683.131	42,6

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A característica principal que se deduce das cifras de contratación en Galicia é o brusco descenso que se produce a partir do ano 2008 e que continúa en 2009. Este descenso afectou de xeito similar ás catro provincias galegas, tanto a homes como a mulleres.

A porcentaxe de contratos a menores de trinta anos con respecto ao total de contratos descendeu de forma progresiva nos últimos cinco anos, de xeito que se produciu un cambio con respecto a 2005 e 2006, onde a contratación xuvenil supoñía máis da metade do conxunto de contratos asinados eses anos, mentres que nos anos 2008 e 2009 os contratos a mozos e mozas da nosa comunidade baixaron ata o 42%.

Porcentaxe de contratos a menores de trinta sobre o total




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Se observamos a evolución da contratación no último quinquenio, apreciamos que o impacto da crise incidiu especialmente no emprego xuvenil. Dos máis de 400.000 contratos rexistrados en 2005 a menores de trinta anos pasouse, logo de dous anos de moderado incremento, a 365.000 en 2008 e a 291.000 en 2009. O descenso das contratacións nos maiores de trinta experimentou unha caída menor; de feito, tomando como referencia o ano 2005, incrementáronse os contratos con respecto a 2009, pasando de 384.000 a 392.000, aínda que desde 2008 o volume de contratos está a experimentar unha contracción progresiva.


A tendencia quinquenal de ambos os dous grupos de idade exemplifica esta desigual incidencia da crise económica. Os traballadores a partir dos trinta anos ven reducida a súa porcentaxe de contratación nun 6,9%, mentres que para os menores de trinta se rexistrou un 28,3% menos de contratos.

Peso porcentual da contratación de 16 a 29 anos a nivel comarcal. Galicia 2009



As comarcas máis poboadas, onde se inscriben as principais cidades galegas, denotan un elevado rexistro de contratación xuvenil. Entre o 40% e o 48% do total de contratos formalizados en 2009 nesas comarcas corresponderon a traballadores menores de trinta anos. A estas comarcas densamente poboadas hai que sumarlles outras máis rurais, pero que tamén rexistraron uns indicadores semellantes de contratación xuvenil; este é o caso de Xallas, O Sar, Terra de Melide ou Terra de Trives.

Tendencia 2005-2009 de contratos por sexo e idade. Galicia 2009




Galicia	Contratos	2005	2006	2007	2008	2009	Tendencia 2005-2009
Homes	<=19	29.427	31.777	33.039	26.573	16.179	-46,4
	20 a 24	90.412	93.111	90.840	77.855	61.530	-30,1
	25 a 29	98.451	104.422	98.977	84.576	70.416	-27,1
	Total<30	218.290	229.310	222.856	189.004	148.125	-31,1
	Total>30	209.509	229.450	233.386	221.454	202.115	-9,5
Mulleres	<=19	14.425	16.771	18.384	17.054	11.705	-29,7
	20 a 24	79.070	82.447	85.071	76.136	60.940	-24,5
	25 a 29	94.551	100.757	95.173	83.519	70.313	-24,8
	<30	188.046	199.975	198.628	176.709	142.958	-25,1
	>30	175.383	198.859	209.762	207.003	189.933	-4,0
Total	<30	406.336	429.285	421.484	365.713	291.083	-28,3
	>30	384.892	428.309	443.148	428.457	392.048	-6,9
		791.228	857.594	864.632	794.170	683.131	-17,4

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Dentro do colectivo xuvenil, os homes acusaron o descenso de actividade contractual en maior medida que as mulleres. Os mozos rexistran unha tendencia negativa dun 31,1%, mentres que as mozas caen un 25,1%, é dicir, 6 puntos menos.

Dentro dos menores de trinta, o grupo de 16 a 19 anos é o que amosa un maior descenso; no caso dos mozos rexistra unha caída do 46% e nas mozas case un 30%.

Porcentaxe de contratos a menores de trinta anos por sexo. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

En función da idade, os mozos van saíndo do sistema educativo e integrándose no mercado laboral; isto tradúcese na maior presenza de contratos no tramo de 25 e 29 anos e na menor porcentaxe entre os menores de 19, que en moitos casos aínda non abandonaron os estudos.


Contratados de 16 a 29 anos %

Galicia	2005	2006	2007	2008	2009
Indefinido	14,1	17,9	18,9	19,0	17,1
Outros	0,7	0,6	0,5	0,5	0,7
Prácticas/Formación	8,2	7,7	7,6	6,4	5,3
Temporal	76,9	73,8	73,0	74,1	77,0

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A gran maioría dos mozos contratados fórono con carácter temporal. Tan só o 17,7% foron indefinidos. A estabilidade laboral reduciuse no ano 2009 nun 2% con respecto a 2008; nos anos anteriores os contratados con carácter indefinido incrementaron a súa porcentaxe de xeito progresivo. O ano 2009 foi, polo tanto, pouco propicio cara a unha maior estabilidade laboral da poboación xuvenil, dentro da abraiante maioría que representa a contratación temporal.


Porcentaxe de contratados <30 por tipo de contrato. Galicia 2009




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Se en termos cuantitativos podemos falar dunha diminución xeneralizada da contratación en xeral e da xuvenil en particular, apreciamos que en termos cualitativos, isto é, na calidade do emprego creado, o panorama tamén resulta ser negativo: como acabamos de ver, a temporalidade segue a ser a norma habitual e, lonxe de corrixirse, presenta un incremento na súa tendencia evolutiva dos últimos cinco anos determinada pola degradación que no mercado laboral propiciou a crise económica nos últimos dous anos, especialmente en 2009. Isto tradúcese no descenso dos contratados con carácter indefinido nun 2,4% e no incremento dos contratados de xeito temporal, que representan unha porcentaxe superior en 3,4 puntos na súa tendencia quinquenal.

Peso porcentual da contratación temporal de 16 a 29 anos a nivel comarcal. Galicia 2009



Peso porcentual da contratación indefinida de 16 a 29 anos a nivel comarcal. Galicia 2009



A maior porcentaxe de contratos temporais entre a poboación xuvenil atópase en comarcas tan dispares como Viana, Arzúa, Barbanza ou O Salnés. En xeral, as comarcas máis poboadas, agás a de Santiago, rexistran unha menor temporalidade.

Se se fala do peso porcentual da contratación indefinida xuvenil, obsérvase que especialmente nas comarcas de Lugo e Ourense a incidencia dos contratos indefinidos é maior; concretamente, abrangue un arco de entre o 42% e o 48% do total da contratación nesas comarcas. O mesmo sucede noutras menos poboadas, como Xallas, Terra de Melide, Viana ou Terra de Celanova e Baixa Limia.

Tendencia 2005-2009 segundo a tipoloxía dos contratados. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Atendendo ao tipo de xornada, o contrato a tempo parcial ten máis incidencia entre o colectivo xuvenil que entre os maiores de 29 anos. Os contratos a tempo parcial constituíron o 35% dos asinados no ano 2009 cos menores de 30 anos. Entre os adultos, a porcentaxe destes contratos foi menor, concretamente do 28%. A utilización desta modalidade de traballo pode ser un instrumento para favorecer a presenza xuvenil no mercado de traballo, e pode posibilitar compatibilizar o traballo cos estudos, aínda que tamén pode indicar os atrancos ante os que se atopan os traballadores máis novos á hora de encontrar un traballo a xornada completa.


Galicia	2009	%
Tempo parcial 16 a 29	51.834	35,1
Total 16 a 29	147.847	100
Tempo parcial >29	56.506	28,2
Total >29	200.722	100

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

En termos xerais, a tendencia dos contratados galegos é en maior medida á estabilidade a principios e a finais de ano. Coincidindo co período estival, o número de contratados comezou a experimentar un ascenso progresivo que se iniciou en xuño, continuou en xullo e caeu abruptamente en agosto, de xeito que ese mes supuxo a maior caída de todos os meses, pasando de 30.942 contratados menores de trinta anos en xullo a 18.776 contratados en agosto. O mes de setembro supuxo unha recuperación, mentres que a caída en outubro foi máis moderada, para continuar con certa estabilidade ata final de ano.

A evolución mensual dos contratados presenta diferente intensidade segundo a idade dentro dunha liña evolutiva similar. Os maiores de 29 acusan a estacionalidade en maior medida que a mocidade, aínda que en liñas xerais o comportamento da poboación xuvenil concorda coa evolución do desemprego da poboación adulta dun xeito bastante simétrico, o que demostra que a estacionalidade é un factor que afecta indistintamente a ambos os dous grupos de idade.


Variación mensual contratados. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Como se observa no seguinte gráfico, o panorama xeral da contratación da mocidade galega vén determinado pola preeminencia do sector servizos. Algo máis de catro de cada cinco contratos celebrados en Galicia no ano 2009 con traballadores menores de trinta anos recaeron neste sector. O sector secundario e a construción, sectores eminentemente masculinizados, acadan unha porcentaxe practicamente igual: 8,5% e 8,4% respectivamente, mentres que a agricultura e a pesca só acadan o 2,4% do total da contratación xuvenil.

Porcentaxe de contratos a menores de trinta anos por sectores. Galicia 2009




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Do total dos 683.129 contratos rexistrados en Galicia no ano 2009, 291.083 realizáronse con traballadores menores de trinta anos, o que supón o 42,6% do total da contratación xeral. O sector servizos aglutinou 235.097 contratos; a moita distancia atopamos os 24.630 do sector secundario e os 24.446 rexistrados na construción; no sector primario a cifra acadou os 6.887.


A maior igualdade entre a contratación xuvenil e a contratación de maiores de 29, obsérvase no sector servizos, onde a porcentaxe de contratos aos mozos acada o 44,3% do total.

Contratos segundo sectores de actividade económica. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Contratados



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia


A incidencia da crise na poboación xuvenil, observada desde cinco sectores considerados estratéxicos dentro do tecido produtivo de Galicia, ofrece un descenso xeneralizado no número de mozos e mozas contratados nestes ámbitos específicos de produción. No ano 2009, o sector da construción, que é o que emprega o maior número de efectivos, experimenta unha perda de 5.584 contratados con respecto ao ano 2008; en termos porcentuais supón unha caída do 22,1%. Non é este o sector máis prexudicado, pois o sector da madeira e moble rexistrou un descenso do número de contratados do 48,8% con respecto ao ano anterior, o que supón unha perda de case a metade dos contratados no ano 2008, pasando de 2.497 a 1.279. O segundo destes cinco sectores que presenta un maior número de poboación xuvenil contratada é o do metal, incluíndo a automoción; o descenso con respecto a 2008 supón a perda de 4.097 contratados, é dicir, unha variación interanual dun -37,8%. Unha porcentaxe semellante (-38,4%) é a rexistrada no eido da produción téxtil, aínda que o volume de contratación de mozos neste sector é o menos relevante dos cinco sectores que estamos a considerar. O sector da alimentación foi o que sufriu en menor medida a desaceleración no ritmo de contratación xuvenil, concretamente experimentou un descenso do 7,1%, rexistrando 4.202 contratados menores de trinta anos no ano 2009, por 4.525 en 2008.

O panorama da contratación xuvenil hai que enmarcalo no actual contexto de crise económica, que trae consigo un significativo descenso da contratación e altas taxas de desemprego. Se atendemos á diversificación da actividade económica, observamos un comportamento da poboación xuvenil polarizado en subsectores de baixa cualificación profesional. A actividade contractual desenvólvese principalmente en oficios e profesións que están encadrados en sectores maioritariamente afectados pola precariedade e o subemprego, como o caso das actividades relacionadas co comercio, a hostalaría ou a construción.

A maior porcentaxe de contratación xuvenil concéntrase nas actividades relacionadas co emprego; esta división fai referencia á intermediación laboral desenvolvida polas axencias de colocación e empresas de traballo temporal no seu labor de información e provisión de recursos humanos, polo que en moitos casos a actividade económica que se rexistra no contrato do traballador é a da propia ETT e non a do posto de traballo real. As seguintes actividades que rexistran unha maior contratación están encadradas dentro dos sectores da hostalaría, comercio e construción. Pola contra, os mozos teñen menor presenza relativa en ramas de actividade ligadas ao sector público, como administración pública, educación ou sanidade.


As principais ocupacións nas que se concentra a contratación aos menores de trinta anos seguen a amosar un alto índice de temporalidade e unha elevada rotación no emprego.

10 actividades con maior número de contratos a menores de trinta anos. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

10 ocupacións con maior volume de contratos a menores de trinta anos. Galicia 2009. Porcentaxe



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Como se observa, a maioría das ocupacións corresponden ao sector servizos e en menor medida á construción. Pódese comprobar que se trata, en xeral, de traballos pouco cualificados que non requiren uns coñecementos específicos nin unha ampla experiencia laboral. Iso permite confirmar a relación existente entre rotación e escasa cualificación do emprego.

Entre as ocupacións máis contratadas a menores de trinta anos figuran as de camareiro, dependente de comercio e peón de servizos. A ocupación de animador comunitario, que se sitúa no sexto lugar da lista das máis contratadas, é a única dentro das dez primeiras que na súa evolución nos últimos cinco anos

rexistra unha tendencia positiva. Esta ocupación presentou un aumento continuo e sostido nos últimos cinco anos; concretamente pasou de 3.781 contratos en 2005 a 6.568 en 2009. As nove ocupacións restantes experimentaron un descenso no volume de contratación xuvenil, tanto na súa tendencia quinquenal como na variación interanual con respecto a 2008.


Galicia. 10 ocupacións máis contratadas. Homes 16 a 29 anos	2005	2006	2007	2008	2009
Peóns de industrias manufactureiras	39.118	36.844	31.688	23.789	16.567
Camareiros, barmans e asimilados	14.289	15.303	14.879	14.580	14.704
Peóns do transporte e descargadores	26.955	28.270	25.787	20.906	14.041
Albaneis e canteiros	9.979	9.905	9.545	6.868	5.192
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	6.590	6.536	6.423	5.689	4.542
Peóns da construción de edificios	7.854	7.815	7.234	4.971	3.500
Condutores de camións	4.590	4.905	4.961	3.802	2.511
Animadores comunitarios	1.282	1.597	2.121	2.238	2.344
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	5.084	5.057	4.908	3.578	2.337
Operadores de carretillas elevadoras	936	1.335	1.536	2.921	2.305

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

No caso da contratación xuvenil masculina, obsérvase que sete das dez ocupacións están encadradas no sector secundario (onde destacan distintas clasificacións de peóns xunto con outras actividades de nivel básico) e tres no sector de servizos (camareiros, dependentes de comercio e animadores sociocomunitarios). A maioría dos mozos empréganse nas tres primeiras ocupacións: peóns de industrias manufactureiras, peóns do transporte e descargadores, e camareiros e barmans.

O emprego xuvenil masculino presenta unha caída xeneralizada en case todas as ocupacións. A maioría acusan o descenso a partir do ano 2008, aínda que outras, como peón de industrias manufactureiras, que é na que se empregan o maior número de mozos, presenta unha tendencia negativa anterior á actual crise económica, pero moito máis acusada nestes dous últimos anos. As ocupacións de animadores sociocomunitarios e operador de carretillas elevadoras amosan a mellor resposta á actual tesitura de deterioración contractual. Obsérvase en ambas unha evolución crecente na súa tendencia dos últimos cinco anos. De todos os xeitos, no caso dos operadores de carretillas elevadoras pódese apreciar unha desaceleración no seu volume de contratación con respecto ao ano 2008. A segunda ocupación máis contratada, camareiros, barmans e asimilados, presenta a liña evolutiva máis uniforme, con alteracións de pouca importancia no seu comportamento quinquenal, mantén uns rexistros similares en todos os anos e trátase dunha das poucas ocupacións que aumentou o seu volume de contratación con respecto ao ano 2008.

Tendencia 2005-2009 nas 10 ocupacións máis contratadas. Galicia. Homes



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Galicia. 10 ocupacións máis contratadas. Mulleres 16 a 29 anos	2005	2006	2007	2008	2009
Dependentas e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	33.510	36.078	36.019	31.583	24.880
Camareiras, barmans e asimiladas	19.749	21.571	22.223	20.378	18.936
Peóns de industrias manufactureiras	10.651	10.136	10.418	8.376	7.486
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	7.045	7.523	7.174	6.703	6.181
Taquígrafas e mecanógrafas	12.168	10.610	9.689	7941	4.486
Guías e azafatas de terra	5.546	6.516	6.649	6.242	4.430
Animadoras comunitarias	2.499	2.906	3.854	4.082	4.224
Enfermeiras	8.334	8.846	6.812	4.904	3.749
Perruqueiras, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	4.617	5.146	5.119	4.517	3.735
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	5361	6.145	5.586	4.598	3.422

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O sector servizos aglutina nove das dez ocupacións máis contratadas polas mulleres menores de trinta anos. A única excepción vén dada pola actividade de peón de industrias manufactureiras, maioritariamente incluída no eido do téxtil. As mozas galegas tenden a concentrar a súa actividade en profesións vinculadas a hostalaría e a comercio, maiormente como dependentas e camareiras; estas dúas ocupacións rexistran os maiores niveis de contratación. O resto da inclusión laboral feminina desenvólvese en actividades ligadas a tarefas administrativas, como taquígrafas e mecanógrafas, relativas ao ámbito da saúde, como é o caso das ocupacións de enfermeiras e auxiliares de enfermaría, ou ben como limpadoras, guías e azafatas ou animadoras comunitarias.

A segregación ocupacional por xénero e idade incide especialmente neste colectivo de mulleres menores de trinta anos, en canto que desenvolven profesións e oficios situados nos niveis máis básicos da estrutura ocupacional.

Como acabamos de ver na situación contractual masculina, a actividade de animador comunitario está en auxe nos últimos anos; de feito, trátase da única ocupación que amosa unha tendencia positiva no emprego.

Tendencia 2005-2009 nas 10 ocupacións máis contratadas. Galicia. Mulleres



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Tanto en mulleres como en homes, a temporalidade domina o panorama da contratación laboral, e aínda que na actualidade afecta a traballadores de todas as idades, recae con especial crueza entre os máis novos. A poboación xuvenil sofre unha alta temporalidade na súas contratacións e, relacionados con esta situación, uns niveis moi elevados de rotación no emprego. Este feito resulta especialmente evidente nas principais ocupacións en que se emprega a mocidade galega.


Galicia 2009. >30	Taxa de rotación
Guías e azafatas de terra	328,6
Peóns do transporte e descargadores	249,3
Animadores comunitarios	207,1
Peóns de industrias manufactureiras	195,1
Camareiros, barmans e asimilados	192,2
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	172,2
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	167,8
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	155,6
Taquígrafos e mecanógrafos	151,7
Albaneis e canteiros	119,4

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

As taxas de rotación máis elevadas rexístranse nos grupos ocupacionais de menor cualificación profesional, que son precisamente os que empregan o maior número de mozos. Deste xeito, observamos como as dez ocupacións con maior volume de contratación xuvenil amosan unha taxa de rotación por riba da rotación media do conxunto de ocupacións. Así, por exemplo, podemos establecer a seguinte comparación: no caso de guías e azafatas de terra, por cada 100 contratados menores de trinta rexistráronse 328 contratos; por cada 100 contratados na ocupación de peóns de transporte e descargadores formalizáronse 249 contratos, e no caso dos animadores comunitarios, por cada 100 traballadores fixéronse 207 contratos.

De acordo cos datos proporcionados polos servizos públicos de emprego de Galicia, o pasado ano 2009 formalizáronse na nosa comunidade 291.083 contratos con menores de 30 anos. Deles, 253.031 tiveron carácter temporal, co que a taxa de temporalidade das contratacións ao colectivo xuvenil ascendeu ao 86,9%. Como vemos na táboa, a porcentaxe de temporalidade no conxunto das dez ocupacións máis contratadas polos mozos rexistra uns valores superiores a esta cifra.


Contratos a menores de 30 anos por grandes grupos ocupacionais. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O panorama da contratación xuvenil dos menores de trinta anos rexistra unha maior incidencia nos grupos profesionais que aglutinan ocupacións de menor nivel de cualificación e salario. O 23%, case a cuarta parte, desenvolven actividades propias de traballadores non cualificados e o 30,7% empréganse maioritariamente en traballos de hostalaría e vendedores de comercio. As ocupacións mellor remuneradas que demandan un desempeño profesional máis cualificado, como é o caso dos técnicos e profesionais científicos e intelectuais e os técnicos e profesionais de apoio, acadan unha porcentaxe de contratación máis reducida.

Porcentaxe de contratos temporais nas dez ocupacións máis contratadas nos menores de trinta anos. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

De novo, repítense as ocupacións de animadores comunitarios, guías e azafatas de terra e peóns de transporte e descargadores, xunto cos peóns de industrias manufactureiras, como as que rexistran unha maior taxa de temporalidade na contratación xuvenil.

Conversións de contratos temporais en indefinidos en Galicia. Ano 2009

	Primario	Construción	Secundario	Servizos	Total	Porcentaxe
Home <30	116	1.289	1.328	3.529	6.262	47,3
Muller <30	21	146	544	5.626	6.337	49,2
Total <30	137	1.435	1.872	9.155	12.599	48,2
Home >29	264	2.440	1.804	4.727	9.235	39,7
Muller >29	101	355	1.414	12.207	14.077	79,9
Total >29	365	2.795	3.218	16.934	23.312	57,0
Total xeral	502	4.230	5.090	26.089	35.911	

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A conversión de contratos temporais en indefinidos é unha vía frecuente de acceso ao emprego estable. O 48,2% dos contratos indefinidos realizados en 2009 con menores de trinta anos proceden da conversión de contratos temporais; deles, o 35% procedían do sector servizos. Esta vía de acceso é utilizada en maior medida pola poboación adulta; o 57% dos maiores de 29 anos accederon a contratos indefinidos desde unha situación de contratación temporal.



5. MOBILIDADE XEOGRÁFICA POR MOTIVOS LABORAIS

MOBILIDADE XEOGRÁFICA POR MOTIVOS LABORAIS

Galicia 2008		Entran desde outras CCAA		Saen cara a outras CCAA		Taxa de mobilidade
SEXO	IDADE	Contratados	Contratos	Contratados	Contratos	Contratados
Muller	<=29	3.872	6.594	6.542	11.664	11,8%
Home	<=29	5.659	8.096	8.994	15.902	14,9%
Total	<=29	9.531	14.690	15.536	27.566	13,4%
Muller	>=30	2.741	3.894	4.586	7.828	7,2%
Home	>=30	9.451	12.885	15.182	25.150	19,3%
Total	>=30	12.192	16.779	19.768	32.978	13,9%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Galicia 2009		Entran desde outras CCAA		Saen cara a outras CCAA		Taxa de mobilidade
SEXO	IDADE	Contratados	Contratos	Contratados	Contratos	Contratados
Muller	<=29	2.832	5.145	4.534	8.044	8,7%
Home	<=29	4.364	6.011	5.951	9.755	10,0%
Total	<=29	7.196	11.156	10.485	17.799	9,4%
Muller	>=30	2.359	3.570	3.456	5.900	4,8%
Home	>=30	8.294	11.093	11.461	18.006	13,4%
Total	>=30	10.653	14.663	14.917	23.906	9,3%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A diminución do volume de contratación parece estar detrás do decrecemento da mobilidade xeográfica en Galicia. A mobilidade xeográfica por motivos laborais rexistrou un retroceso con respecto a 2008, tanto nos traballadores máis novos como nos maiores de 29 anos, e igualmente en ambos os sexos. A taxa de mobilidade no ano 2009 descendeu un 4% con respecto ao ano anterior entre a poboación menor de trinta anos e un 4,6% entre a poboación maior de 29 anos. O descenso de mobilidade foi máis acusado entre a poboación masculina. A taxa de mobilidade dos homes menores de 30 rexistrou un descenso do 4,9%, mentres que a das mulleres foi do 3,1%.

O descenso produciuse tanto nas entradas como nas saídas de traballadores da nosa comunidade autónoma. Os homes presentan unha taxa de mobilidade superior á das mulleres. A maior diferenza de xénero atópase entre a

poboación maior de vinte e nove, mentres que na mocidade, a mobilidade entre os dous sexos preséntase máis equilibrada. As mulleres menores de trinta anos entran e saen de Galicia por motivos laborais en maior medida que as mulleres maiores desta idade. Concretamente un 8,7% das mulleres menores de trinta anos contratadas en 2009 viñeron doutras comunidades autónomas ou saíron de Galicia cara ao resto do Estado.

Entre os homes, a diferenza da taxa de mobilidade inverte esta tendencia e presenta un maior nivel de mobilidade entre a poboación adulta; en concreto, supera os mozos menores de trinta anos nunha porcentaxe do 3,4%. No caso das traballadoras a diferenza a favor das mulleres menores de trinta anos é un 3,9% superior.

O fluxo de traballadores que saen de Galicia cara ao resto do Estado por motivos laborais é superior ao continxente de entrada na nosa comunidade desde o resto de comunidades autónomas. En moitos casos os traballadores contratados en Galicia que veñen de fóra son, en realidade, galegos retornados. No caso da mocidade galega, o número de mozos menores de trinta anos que saíron de Galicia en 2009 ascendeu a 10.485 traballadores, dos cales 4.534 foron mulleres e 5.951 homes, mentres que os que entraron en Galicia foron 7.196, 2.832 mulleres e 4.364 homes.

Galicia 2009		Entran desde o resto de CCAA		Saen cara ao resto de CCAA	
SEXO	IDADE	Contratados %	Contratos %	Contratados%	Contratos%
Madrid	<=29	16,8	16,4	32,0	30,2
Cataluña	<=29	9,4	9,2	16,1	17,5
C. e León	<=29	16,0	14,9	10,0	10,0
Andalucía	<=29	11,6	10,6	7,2	7,3
Asturias	<=29	16,1	19,9	6,5	5,8
País Vasco	<=29	3,8	3,7	5,9	5,7
C. Valenciana	<=29	6,5	6,5	4,6	4,4
Canarias	<=29	4,3	4,4	3,9	3,8
Baleares	<=29	2,0	2,1	4,1	4,1

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A Comunidade de Madrid foi o destino de case a terceira parte da mocidade galega que atopou traballo en 2009 fóra de Galicia. Tamén foi o punto de orixe de case o 17% dos traballadores menores de trinta anos que entraron en Galicia desde o resto do Estado, aínda que neste fluxo de entrada as comunidades limítrofes de Asturias e Castela e León achegaron unha porcentaxe similar de traballadores mozos, concretamente un 16% desde cada unha delas. Andalucía e Cataluña achegaron o 11,6% e o 9,4%, respectivamente.

Os principais destinos de saída, ademais de Madrid, foron Cataluña (16,1%), Castela e León (10%) e Andalucía (7,2%).

Contratos e contratados segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE_2009) no nivel de sección

Galicia 2009		Entran desde outras CCAA		Saen cara a outras CCAA	
SEXO	IDADE	Contratados	Contratos	Contratados	Contratos
AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA					
Muller	<=29	43	59	68	107
Home	<=29	170	203	320	468
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS					
Muller	<=29	X	X	5	5
Home	<=29	13	16	26	30
INDUSTRIA MANUFACTUREIRA					
Muller	<=29	97	118	134	159
Home	<=29	414	469	536	698
SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO					
Muller	<=29	0	0	5	5
Home	<=29	X	X	18	21
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN					
Muller	<=29	X	X	4	4
Home	<=29	7	7	17	19
CONSTRUCCIÓN					
Muller	<=29	70	75	112	147
Home	<=29	1.605	1.962	1.534	2.075
COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS					
Muller	<=29	424	508	753	943
Home	<=29	300	340	455	568
TRANSPORTE E ALMACENAMENTO					
Muller	<=29	37	43	142	191
Home	<=29	194	308	333	483
HOSTALARÍA					
Muller	<=29	460	623	563	792
Home	<=29	345	523	617	891
INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS					
Muller	<=29	78	99	182	236
Home	<=29	141	226	243	322
ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS					
Muller	<=29	92	98	74	88
Home	<=29	66	71	51	60

ACTIVIDADES INMOBILIARIAS					
Muller	<=29	4	4	5	6
Home	<=29	X	X	7	10
ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS					
Muller	<=29	356	633	980	1.585
Home	<=29	202	285	523	701
ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES					
Muller	<=29	740	1.731	1.007	2.041
Home	<=29	538	918	944	2.189
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA					
Muller	<=29	16	30	32	43
Home	<=29	14	21	31	32
EDUCACIÓN					
Muller	<=29	197	245	236	296
Home	<=29	125	156	118	149
ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVIZOS SOCIAIS					
Muller	<=29	168	360	332	795
Home	<=29	43	56	96	233
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO					
Muller	<=29	142	381	198	375
Home	<=29	243	371	267	656
OUTROS SERVIZOS					
Muller	<=29	105	132	169	224
Home	<=29	51	75	113	143

O valor x fai referencia a un número inferior a catro. Non se pode especificar por mor do segredo estatístico.

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Se nos ocupamos dos desprazamentos dos traballadores máis novos que entraron e saíron de Galicia no ano 2009 segundo a actividade económica onde atoparon traballo, podemos concluír, en primeiro lugar, que a mobilidade por motivos laborais de mozos e mozas, tanto nos que saíron cara a outras comunidades autónomas como nos que viñeron ou volveron a Galicia, se produciu nunhas actividades profesionais coincidentes maioritariamente coas máis contratadas polos traballadores que permaneceron en Galicia. A excepción vén dada pola industria manufacturera, que rexistra un importante volume contractual entre a mocidade galega que traballa na nosa comunidade, pero non acada un nivel de representatividade similar na taxa de mobilidade xuvenil. No resto,

a maior parte dos traballadores menores de trinta anos que se desprazaron desde e cara a Galicia fixérono fundamentalmente en actividades ligadas á construción, o comercio, a hostalaría ou en actividades administrativas e técnicas.

Como era de agardar, en actividades encadradas na construción e a industria a presenza masculina é netamente superior, dado que se trata de sectores altamente masculinizados; pola contra, o predominio feminino faise presente en profesións vinculadas ao comercio e a unha serie de actividades que requiren un maior nivel de cualificación, como son as referentes á educación, sanidade e servizos sociais ou actividades científicas, técnicas e administrativas.

En termos xerais, os maiores niveis de mobilidade xuvenil atópanse na construción, que presenta un volume similar de contratados e contratos entre os que entraron e os que saíron de Galicia para traballar neste sector. A continuación sitúanse as actividades administrativas e servizos auxiliares, cun maior predominio dos que saíron fóra de Galicia sobre os que desde o resto do Estado atoparon traballo na nosa comunidade. En terceiro lugar están as actividades profesionais científicas e técnicas, onde a diferenza dos que se desprazaron fóra de Galicia é aínda máis evidente sobre os que entraron. Hostalaría tamén presenta a mesma tendencia, igual que comercio, que é a quinta actividade con maior taxa de mobilidade xuvenil.

No que respecta á mobilidade xuvenil en relación cos grupos ocupacionais con máis contratados e maior número de contratos, obsérvase que a mobilidade xuvenil acontece en maior medida nos grupos ocupacionais máis baixos, que son os que requiren menor preparación profesional e levan aparelhada unha menor retribución salarial. Tamén se confirma que nas ocupacións que precisan maior nivel de cualificación a mobilidade xuvenil vén protagonizada de xeito predominante polo colectivo feminino. Tal é o caso dos técnicos e profesionais científicos e intelectuais, os técnicos e profesionais de apoio, e os administrativos. Pola contra, os traballadores non cualificados e os traballadores de industria e construción son en moita maior medida homes. As mulleres tamén presentan un maior nivel de mobilidade en traballos de restauración e vendedores de comercio.

En todos os grandes grupos ocupacionais é maior o número de traballadores menores de trinta anos que saen de Galicia que o dos que entran.

Nos dous gráficos seguintes sinálanse as dez principais ocupacións nas que se empregaron os contratados menores de trinta anos que saíron e entraron en Galicia no ano 2009. A maior mobilidade ocupacional tanto de entrada como de saída rexistrouse entre os contratados como dependentes de comercio e nos servizos de restauración propios da hostalaría. En ambos casos o número de contratados que saíron de Galicia foi superior ao dos que entraron. Concretamente, no caso de dependentes de comercio e asimilados foron 1.198 os mozos e mozas galegos que atoparon traballo no resto do Estado no ano 2009, mentres que os contratados nesta ocupación en Galicia provenientes do resto de comunidades autónomas acadaron a cifra de 819. No que respecta aos traballadores dos servizos de restauración, o número dos que marcharon foi de 991, mentres que os que chegaron foron 776.


Contratos e contratados por cno

Galicia 2009		Entran desde outras CCAA		Saen cara a outras CCAA	
SEXO	IDADE	Contratados	Contratos	Contratados	Contratos
CNO (0): Forzas armadas					
Muller	<=29	4	14	X	X
Home	<=29	X	10	0	0
CNO (1): Dirección das empresas e das administracións públicas					
Muller	<=29	17	18	23	23
Home	<=29	14	14	40	46
CNO (2): Técnicos e profesionais científicos e intelectuais					
Muller	<=29	405	805	729	1.230
Home	<=29	375	503	596	987
CNO (3): Técnicos e profesionais de apoio					
Muller	<=29	609	912	958	1.510
Home	<=29	558	769	816	1.146
CNO (4): Empregados de tipo administrativo					
Muller	<=29	316	442	813	1.180
Home	<=29	161	226	495	1.005
CNO (5): Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercios					
Muller	<=29	1.282	2.357	1.913	3.336
Home	<=29	543	806	1.066	1.655
CNO (6): Traballadores cualificados na agricultura e na pesca					
Muller	<=29	X	X	12	13
Home	<=29	80	103	128	155
CNO (7): Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria					
Muller	<=29	35	38	61	87
Home	<=29	1.420	1.748	1.424	2.035
CNO (8): Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores					
Muller	<=29	31	39	55	74
Home	<=29	396	532	567	795
CNO (9): Traballadores non cualificados					
Muller	<=29	316	517	420	590
Home	<=29	963	1.300	1.229	1.931

O valor x fai referencia a un número inferior a catro. Non se pode especificar por mor do segredo estatístico.

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Contratados <30 que saen de Galicia cara ao resto do Estado segundo ocupación CNO (dous díxitos). Ano 2009




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nas dez ocupacións con maior mobilidade de contratados, tanto os que saíron como os que entraron en Galicia coincidiron en oito ocupacións. No caso da mobilidade de saída, a primeira das dúas ocupacións non coincidentes fai referencia aos servizos persoais, que na súa desagregación trata de ocupacións que van desde axudante de enfermaría ou perruqueiro ata azafata ou guía; concretamente, desprazáronse fóra de Galicia 742 mozos e mozas contratados nestes oficios. O segundo caso é o que aglutina os empregados de trato directo co público en axencias de viaxes, recepcionistas e telefonistas; a cifra de contratados menores de trinta anos que atoparon traballo fóra de Galicia en 2009 ascendeu a 375.

Dentro das dez ocupacións máis contratadas pola mocidade que veu traballar á nosa comunidade desde o resto do Estado, hai outras dúas ocupacións que non coinciden con aquelas en que se empregaron os traballadores menores de trinta anos que se desprazaron fóra de Galicia; en concreto, trátase de peóns de transporte e descargadores e de traballadores de acabado en obras de construción, pintores e similares.

O resto das ocupacións máis destacadas coinciden en ambos os fluxos de mobilidade; en xeral, trátase sobre todo de traballos de baixa cualificación profesional, aínda que hai excepcións, como no caso dos técnicos das ciencias físicas, químicas e enxeñerías, nos que 432 mozos e mozas galegos atoparon traballo no resto do Estado, e 225 dos contratados en Galicia proviñan do resto de España. A outra excepción serían os 532 profesionais de apoio en operacións financeiras e comerciais e os 512 técnicos e profesionais de apoio que atoparon traballo fóra de Galicia; así mesmo, 384 e 321 menores de trinta anos atoparon traballo en Galicia nestas ocupacións desde outras comunidades autónomas.

Contratados <30 que entran en Galicia desde o resto do Estado segundo ocupación CNO (dous díxitos). Ano 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia


Contratos e contratados segundo o seu nivel académico

Galicia 2009		Entran desde outras CCAA		Saen cara a outras CCAA	
SEXO	IDADE	Contratados	Contratos	Contratados	Contratos
Ata certificado de escolaridade					
Muller	<=29	651	1.244	470	626
Home	<=29	1.337	1.692	1.332	1.959
Titulación ensinanza obrigatoria					
Muller	<=29	791	1.185	1.271	1.896
Home	<=29	1.752	2.324	2.368	3.521
Formación profesional					
Muller	<=29	291	435	624	930
Home	<=29	452	616	816	1.303
BUP/Bacharelato superior/COU					
Muller	<=29	697	1.234	1.487	2.637
Home	<=29	570	835	1.103	1.777
Titulados universitarios					
Muller	<=29	631	1.047	1.236	1.955
Home	<=29	415	544	830	1.195


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A mobilidade xeográfica por motivos laborais no colectivo de traballadores menores de trinta anos segundo o seu nivel académico presenta unha acusada diferenciación en canto ao xénero. Tanto a mocidade contratada que se desprazou no ano 2009 desde outras comunidades autónomas a Galicia como a que saíu da nosa comunidade cara ao resto do Estado, observou un comportamento similar na vinculación entre sexo e nivel de estudos, de xeito que o volume contractual en ambos os dous fluxos de mobilidade presenta un panorama distinto no predominio dun ou doutro sexo segundo o nivel académico. Obsérvase unha maior presenza feminina nos contratos que requiren un nivel de estudos máis alto, mentres que os desprazamentos dos homes contratados se realizan en moita maior medida en traballos que rexistran niveis académicos máis baixos. Nos tres primeiros niveis, que se corresponden cos máis básicos: certificado de escolaridade, ensinanza obrigatoria e formación profesional, o número de mozos contratados que entran e saen da nosa comunidade autónoma é superior ao das mulleres; pola contra, estas só presentan un maior volume de contratación cando o nivel de exigencia académico é superior, tanto no caso de estudos de bacharelato superior e COU como no caso de titulacións universitarias. Isto é especialmente notorio na mobilidade de saída cara ao resto do Estado, onde as contratadas de bacharelato superior e COU foron 1.487, mentres que as tituladas universitarias contratadas fóra de Galicia acadaron unha cifra de 1.236.

Porcentaxe de contratados <30 que entran desde outras CCAA segundo niveis académicos. Galicia 2009



Porcentaxe de contratados <30 que saen cara outras CCAA segundo niveis académicos. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Tanto no caso dos contratados que entran como dos que saen, a maior porcentaxe da mobilidade dos menores de trinta corresponde a niveis académicos básicos; concretamente, a porcentaxe de contratados de ensinanza obrigatoria acada case a terceira parte do volume total de contratados. A porcentaxe de contratados con niveis académicos máis altos é superior entre os que se desprazaron cara a outras comunidades autónomas que entre os que acadaron traballo na nosa comunidade.


Contratos e contratados segundo a tipoloxía de contratación

Galicia 2009			Entran desde outras CCAA		Saen cara a outras CCAA	
TIPOLOXÍA	SEXO	IDADE	Contratados	Contratos	Contratados	Contratos
Indefinido	Muller	<=29	285	291	774	813
Indefinido	Home	<=29	662	690	1.026	1.087
Temporal	Muller	<=29	2.495	4.560	3.749	7.028
Temporal	Home	<=29	3.700	5.200	4.970	8.386

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A maior parte da mocidade que se despraza por motivos laborais faino con contratos temporais. O 87% dos que entraron en 2009 en Galicia e o 83% dos que saíron cara ao resto do Estado traballaron mediante esta modalidade de contratación. A incidencia do emprego temporal predomina en ambos os dous sexos. A porcentaxe de temporalidade dentro do ámbito da mobilidade xuvenil feminina acadou o 90% das contratadas que chegaron a Galicia, mentres que no caso dos mozos baixou lixeiramente ata o 85%. Algo menor é a porcentaxe de temporalidade dos mozos e mozas que saíron fóra de Galicia a traballar; neste caso representou o 83% dos contratados, e coa mesma porcentaxe para ambos os dous sexos.

Porcentaxe de mobilidade de contratados <30 por tipoloxía. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia


6. AFILIACIÓN

Galicia 2009	PROVINCIA	SEXO	XERAL	AGRARIO	MAR	FOGAR	AUTÓNOMOS	TOTAL
16 a 29 anos	A Coruña	home	32.532	258	616	41	4.109	37.556
		muller	32.023	55	81	610	2.494	35.263
		total	64.555	313	697	651	6.603	72.819
16 a 29 anos	Lugo	home	8.604	274	244	12	1.650	10.784
		muller	8.181	40	10	153	817	9.201
		total	16.786	314	254	165	2.467	19.986
16 a 29 anos	Ourense	home	7.355	84	0	4	1.393	8.836
		muller	7.144	26	0	108	661	7.939
		total	14.499	110	0	112	2.054	16.775
16 a 29 anos	Pontevedra	home	26.991	218	1.299	17	3.346	31.871
		muller	26.140	99	208	457	2.043	28.947
		total	53.131	317	1.507	474	5.389	60.818
16 a 29 anos	Galicia	home	75.482	834	2.159	74	10.498	89.047
		muller	73.488	220	299	1.328	6.015	81.350
		total	148.970	1.054	2.458	1.402	16.513	170.397

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social


En Galicia no ano 2009 rexistráronse 170.397 afiliados en alta laboral á Seguridade Social entre a poboación menor de trinta anos. A incorporación no mercado de traballo da mocidade galega desde a perspectiva do xénero presenta un maior nivel de inclusión laboral por parte do colectivo masculino; concretamente, os mozos galegos inseridos no sistema de Seguridade Social acadaron unha cifra de 89.047 afiliados, mentres que as mulleres do mesmo grupo de idade rexistraron un balance de 81.350 efectivos.

Peso porcentual dos afiliados á Seguridade Social de 16 a 29 anos a nivel comarcal. Galicia 2009



A grandes trazos, obsérvase que na metade occidental de Galicia, que se corresponde coas provincias da Coruña e Pontevedra, a porcentaxe de afiliados menores de trinta anos é superior á das comarcas das provincias de Lugo e Ourense.

Porcentaxe de afiliación <30 anos segundo sexo. Galicia 2009




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Isto supón unha porcentaxe de afiliación masculina do 52% e unha porcentaxe feminina do 48%. A nivel provincial, a distribución é similar; nas catro provincias predomina a afiliación masculina. A maior diferenza atopámola en Pontevedra, con máis de 3.000 afiliados a favor do colectivo masculino.

Como era de agardar, A Coruña (72.819 afiliados) e Pontevedra (60.818), que son as provincias de maior poboación, presentan unha cifra superior de afiliación á Seguridade Social. Lugo e Ourense acadan uns rexistros de 19.986 e 16.775 respectivamente.

Porcentaxe de afiliados en alta laboral <30 por rexímenes. Galicia 2009




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

A distribución da afiliación en alta laboral dos menores de trinta por réximes de cotización presenta un panorama marcado pola clara preeminencia do réxime xeral na inclusión da mocidade galega no sistema de Seguridade

Social. En concreto, dos 170.397 afiliados galegos de entre 16 e 29 anos, 148.970 (o 87,4%) cotizan no réxime xeral. Case o 10% son autónomos (16.513) e o resto, nunha porcentaxe moi residual, repártense entre os réximes do mar (2.458), fogar (1.402) e agrario (1.054).


Porcentaxe afiliados <30 anos por réximes e sexo. Galicia 2009



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

A maior igualdade por xénero rexístrase na inclusión de afiliados no réxime xeral, que supón un volume de 75.482 homes por 73.488 mulleres. Esta aceptable paridade reflíctese mellor nas porcentaxes de afiliación sinaladas no gráfico: 50,7% os mozos menores de trinta e 49,3% as mozas do mesmo tramo de idade. No resto de réximes existe unha neta preponderancia masculina, especialmente no caso dos réximes do mar e agrario; os autónomos xa non son un réxime tan claramente masculinizado, aínda que dous de cada tres afiliados menores de trinta son homes. A única excepción atopámola no réxime do fogar, onde as mozas predominan claramente, nunha porcentaxe de case o 95%.


Porcentaxe de afiliación segundo idade. Galicia 2009



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

De todos os xeitos, a porcentaxe de afiliados galegos en alta laboral menores de trinta anos só representa o 17% do total, o que reflicte a aínda escasa incorporación da mocidade galega ao mercado laboral.

Porcentaxe de afiliados <30 anos segundo grupos de idade. Galicia 2009



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Dentro dos subgrupos de idade que se poden establecer entre a poboación afiliada de menores de trinta anos, o maior número de afiliados atópase, como era de agardar, no tramo de maior idade; en concreto, entre a mocidade de 25 a 29 anos, que na súa gran maioría xa remataron a súa formación académica, este colectivo representa case as dúas terceiras partes do total dos menores de trinta que se inseriron no mercado laboral. Un 31 % das afiliacións pertencen a mozos e mozas de entre 20 e 24 anos. Os menores de 20 anos só representan o 4%.

Réx. xeral Galicia	ANO	TOTAL	Réx. xeral Galicia	ANO	TOTAL
<30	2009	148.971	>30	2009	584.990
<30	2008	170.873	>30	2008	586.906
<30	2007	196.526	>30	2007	586.506
<30	2006	197.151	>30	2006	556.258
<30	2005	194.033	>30	2005	519.771

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Se nos centramos nos afiliados en alta laboral do réxime xeral, que, como acabamos de ver, representan cerca do 90% da poboación xuvenil que cotiza á Seguridade Social, podemos observar a evolución da inclusión no sistema nestes últimos cinco anos. No ano 2005 a cifra de altas laborais da poboación menor de trinta anos neste réxime

de cotización ascendía a 194.033 efectivos, mentres que en 2009 o número de afiliados descendeu en 45.062, acadando unha cifra de 148.971.

Pola contra, os afiliados ao réxime xeral maiores de trinta pasaron de 519.771 a 584.990, o que supón un incremento de 65.219 novos membros no último quinquenio.

Tendencia quinquenal 2005-2009 de afiliación segundo idade no réxime xeral




Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Esta tendencia dispar segundo a idade pódese apreciar no gráfico. Mentres que a poboación menor de trinta anos viu descender nun 21,4% o seu volume de traballadores no réxime xeral entre 2005 e 2009, para este mesmo período a poboación de trinta anos en diante incrementou a súa participación neste réxime de cotización nun 4%.

Á vista dos datos, podemos colixir que o impacto da crise recaeu en moita maior medida na mocidade galega.

Como observamos no seguinte gráfico, foi no ano 2008 cando a caída se fixo máis evidente, continuando o seu descenso de xeito sostido en 2009. O ano 2006 experimentou unha pequena subida do 1,6%, mentres que en 2007 a estabilidade foi o comportamento dominante (-0,3%). A perda do número de traballadores faise evidente en 2008, cun 13,1% de afiliados menos, e continúa en 2009, cun -12,8%.


Variación anual de afiliación de menores de 30 do réxime xeral



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

No caso da poboación maior de 29 anos, obsérvase que en 2006 e 2007 o incremento de afiliacións supuxo unha porcentaxe superior á rexistrada entre os máis novos: un 7% en 2006 e un 5,4% en 2007. Pola contra, o descenso xeneralizado que se inicia en 2008 e continúa en 2009 é moito menor que o rexistrado na poboación xuvenil: en 2008 o volume de afiliación permanece constante (0,1%) e a mesma tónica se observa en 2009 (-0,3%), o que supón unha perda de menos de dous mil afiliados, fronte aos 22.000 mozos e mozas menores de trinta que causaron baixa no réxime xeral da Seguridade Social no mesmo ano con respecto a 2008.

Variación anual de afiliación de maiores de 30 do réxime xeral



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Dentro do réxime xeral, as actividades que rexistran maior número de afiliados dentro da poboación xuvenil están encabezadas polas actividades de comercio, concretamente o comercio ao retalho, con 21.074 persoas, ás que hai que sumarlles as 7.386 das actividades de comercio por xunto. A continuación sitúanse as actividades de construción (12.974) e a de hostalaría denominada servizos de comida e de bebida, con 10.702 afiliados. Tamén teñen importancia as actividades relacionadas co sector público, como as ligadas ás administracións públicas á educación ou ás actividades sanitarias. A única actividade dentro das dez máis importantes relacionada co sector da industria fai referencia á fabricación de produtos de caucho e materias plásticas.

As dúas actividades con maior número de afiliados ao réxime xeral en que se ocupa a poboación masculina de Galicia no ano 2009 seguen a ser actividades encadradas no sector da construción; isto sucede tanto entre os españois menores de trinta como nos estranxeiros da mesma idade. No caso dos autónomos galegos, a actividade máis destacada tamén está relacionada con este sector.

Actividades máis destacadas entre afiliados menores de 30 anos no réxime xeral. Galicia 30 xuño 2009



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Afiliados en alta laboral por CNAE. Galicia. Xuño 2009

Réxime xeral

Homes (nacionalidade española)	<30 anos
Actividades de construción especializada	12.055
Construción de edificios	5.176
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	5.042
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.371
Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	3.850
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	3.727
Servizos de comidas e bebidas	3.725
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	2.243
Transporte terrestre e por tubaxe	2.066
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2.015
Mulleres (nacionalidade española)	<30 anos
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	16.032
Servizos de comidas e bebidas	6.977
Actividades sanitarias	5.619
Outros servizos persoais	4.082
Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	3.268
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	3.015
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	2.841
Industria da alimentación	1.980
Actividades xurídicas e de contabilidade	1.628
Actividades relacionadas co emprego	1.493

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

As mozas galegas desenvolven maioritariamente a súa actividade profesional en ocupacións relacionadas co sector de servizos. As actividades de comercio son as que aglutinan o maior número de afiliadas menores de trinta, tanto no réxime xeral (16.032) como no caso das autónomas (1.255); a continuación sitúase a actividade de servizos de comidas e bebidas. As mulleres estranxeiras desenvolven maioritariamente a súa actividade laboral en ocupacións relacionadas coa hostalaría.

Autónomos

Homes (nacionalidade española)	<30 anos
Actividades de construción especializada	2.125
Servizos de comidas e bebidas	1.192
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	959
Construción de edificios	957
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	946
Transporte terrestre e por tubaxe	630
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	541
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	455
Industria da alimentación	210
Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	177
Mulleres (nacionalidade española)	<30 anos
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.255
Servizos de comidas e bebidas	1.097
Outros servizos persoais	864
Actividades sanitarias	417
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	352
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	185
Actividades auxiliares dos servizos financeiros e dos seguros	148
Industria da alimentación	122
Transporte terrestre e por tubaxe	109
Educación	106

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Réxime xeral

Homes estranxeiros	<30 anos
Construción de edificios	978
Actividades de construción especializada	844
Servizos de comidas e bebidas	794
Transporte terrestre e por tubaxe	282
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	258
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	251
Enxeñaría civil	220
Industria da alimentación	160
Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	154
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	111
Mulleres estranxeiras	<30 anos
Servizos de comidas e bebidas	1.648
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	451
Actividades sanitarias	165
Servizos de aloxamento	141
Outros servizos persoais	116
Educación	105
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	99
Industria da alimentación	96
Servizos a edificios e actividades de xardinaría	90
Confección de roupa de vestir	63

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

Autónomos

Homes estranxeiros	<30 anos
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	108
Actividades de construción especializada	81
Construción de edificios	64
Servizos de comidas e bebidas	64
Industria da alimentación	20
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	19
Enxeñaría civil	15
Silvicultura e explotación forestal	12
Transporte terrestre e por tubaxe	9
Actividades de aluguer	6
Mulleres estranxeiras	< 30 anos
Servizos de comidas e bebidas	107
Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	106
Actividades de construción especializada	11
Construción de edificios	11
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	9
Outros servizos persoais	8
Actividades asociativas	8
Industria da alimentación	6
Outras actividades profesionais, científicas técnicas	6
Servizos a edificios e actividades de xardinaría	6

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social

En concreto, as actividades económicas con maior número de afiliación xuvenil masculina á Seguridade Social dentro do réxime xeral son as de construción especializada e construción de edificios, seguidas de comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas, e de comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas.

No caso das mulleres galegas menores de trinta anos, as actividades económicas con maior número de afiliadas en alta laboral están encadradas en comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas, e servizos de comidas e bebidas, seguidas de actividades sanitarias e outros servizos persoais.



7. SALARIOS DA MOCIDADE GALEGA

Ganancia media anual	2004			2005			2006			2007		
Unidades: euros	Ambos os sexos	Mulleres	Homes	Ambos os sexos	Mulleres	Homes	Ambos os sexos	Mulleres	Homes	Ambos os sexos	Mulleres	Homes
Total nacional												
Todas as idades	18.310	14.890	20.548	18.677	15.295	21.094	19.681	16.245	22.051	20.390	16.944	22.780
Menos de 25 anos	11.881	10.411	13.004	12.639	11.226	13.758	12.316	10.799	13.456	12.442	10.644	13.718
De 25 a 34 anos	16.525	14.598	18.061	16.646	14.727	18.265	17.413	15.712	18.778	17.879	15.753	19.630
De 35 a 44 anos	19.997	16.133	22.391	20.269	16.383	23.029	21.058	17.554	23.438	21.520	17.961	24.055
De 45 a 54 anos	23.164	18.103	25.880	23.404	18.076	26.601	23.143	17.774	26.591	23.692	19.223	26.492
55 e máis anos	22.567	16.052	24.747	24.089	18.416	26.202	24.126	17.590	26.901	23.815	18.729	26.130
Galicia												
Todas as idades	15.502	12.714	17.261	15.621	13.342	17.974	17.011	14.244	19.022	17.603	15.008	19.511
Menos de 25 anos	10.862	9.345	11.726	12.004	10.667	13.863	11.699	10.083	13.060	11.451	9.878	12.471
De 25 a 34 anos	13.361	11.770	14.716	13.022	12.135	13.924	14.924	13.426	16.237	15.588	13.776	17.261
De 35 a 44 anos	16.799	13.794	18.858	17.078	14.205	21.527	17.811	15.335	19.563	17.902	15.542	19.692
De 45 a 54 anos	20.498	16.305	22.286	22.743	18.913	24.907	19.969	15.782	22.821	20.199	16.835	22.336
55 e máis anos	17.710	13.721	19.001	21.247	17.867	22.456	20.624	15.926	22.419	21.044	17.634	22.752

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

A información que facilita o INE sobre a enquisa salarial chega ata o ano 2007. O tramo de idade que utiliza para a poboación xuvenil non é o de menores de trinta anos, que estamos a empregar neste informe, senón o de menores de vinte e cinco.

Para o ano 2007, a ganancia media anual dos mozos galegos de menos de 25 anos representa o 63,9% da ganancia media dos traballadores de todas as idades; no caso das mozas, a porcentaxe con respecto ás traballadoras de todas as idades é algo superior, concretamente acadan o 65,8%.


Como era de agardar, as ganancias máis altas danse nos grupos de maior idade. En termos xerais, a mocidade galega experimentou un descenso do seu poder adquisitivo nos anos 2006 e 2007. En termos porcentuais, a evolución dos menores de 25 anos con respecto a traballadores de todas as idades segue a mesma tendencia: en 2005 as ganancias dos máis novos representaban o 76,8%, en 2006 pasaron a representar o 68,8% e en 2007 situáronse no 63,9%.

Se as diferenzas salariais asociadas á idade son importantes, tamén se observa unha disparidade retributiva desde a perspectiva do xénero. A ganancia media anual das mulleres galegas de menos de 25 anos representa o 79,2% das ganancias dos homes do mesmo tramo de idade, porcentaxe que supón unha desigualdade lixeiramente menor que a experimentada polas mulleres de todas as idades, que representan o 76,9% das ganancias dos homes. As mulleres máis novas, que se corresponden coas deste tramo de idade e o seguinte que comprende idades entre 25 e 34 anos, presentan unha desigualdade retributiva lixeiramente menor, por cuestión de xénero, das que se rexistran entre as mulleres a partir dos 34 anos (77,3%). A evolución da disparidade retributiva entre homes e mulleres foise moderando levemente nos últimos anos, tanto entre a poboación máis nova como no resto de idades. En 2005 a ganancia media anual das mulleres de menos de 25 anos representaba o 76,9% con respecto aos homes dese tramo de idade, en 2006 pasou a ser do 77,2% e en 2007 acadaron un 79,2%.


Dito isto, podemos constatar que as diferenzas gananciais asociadas ao xénero son superiores ás derivadas da idade: a retribución media das mozas galegas é inferior á dos mozos en case nun 21%, mentres que a retribución media dos maiores de 25 anos é un 8,3% superior á do conxunto da poboación menor de 25.

Se temos en conta a comparativa coa media nacional, observamos que a ganancia media anual dos galegos no ano 2007 representaba o 86,3% con respecto á media do conxunto do Estado. A situación salarial da mocidade galega nesta comparativa presenta un menor nivel de desigualdade retributiva, concretamente acada o 92% da media nacional.

**Ganancia media anual por traballador.
Galicia**



**Ganancia media anual por traballador.
Galicia**




Fonte: Instituto Nacional de Estadística


A falta de datos dos anos 2008 e 2009 que nos permitan medir o impacto real da crise económica nos salarios da mocidade galega, a evolución do poder adquisitivo da poboación menor de 25 anos en 2006 e 2007 amosa un descenso da ganancia media anual que supón a perda de 553 € con respecto ao ano 2005. Se en 2005 a retribución media deste colectivo se situaba en 12.004 €, en 2006 pasa a ser de 11.699 €, e finalmente en 2007 descende ata 11.451 €.

Como se observa no gráfico, o comportamento do poder adquisitivo para o conxunto da poboación galega de todas as idades experimenta, ao contrario do que sucede coa mocidade, un incremento do seu nivel retributivo, que se acelera xustamente nos anos 2006 e 2007, pasando de 15.621 € en 2005 a 17.603 no ano 2007.

**Ganancia media anual por
home traballador. Galicia**



**Ganancia media anual por
muller traballadora. Galicia 2009**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística

A evolución da ganancia media anual dos menores de 25 anos segundo o xénero segue a pauta xeral e amosa un comportamento similar en ambos os dous sexos, que experimentan unha perda salarial nos anos 2006 e 2007. No caso das mozas menores de vinte e cinco, en 2007 as súas retribucións caen por debaixo de mil euros.

8. FORMACIÓN PARA O EMPREGO


En Galicia no ano 2009 un total de 32.240 alumnos, desempregados na súa gran maioría, matricularonse en cursos de formación, a través da programación anual de cursos de formación para o emprego, que prevé a programación de accións formativas para desempregados e ocupados. Destes, 12.248 correspóndense con alumnos menores de trinta anos, o que supón o 38% do total. Os alumnos do seguinte grupo de idade, que comprende os menores de 45 e maiores de 29, presentan unha cifra de 2.600 alumnos máis que o colectivo máis novo. Os maiores de 45 matricúlanse moito menos nestes cursos de formación cara ao mercado de traballo.

Alumnos	Homes	Mulleres	Total
16-29	6.565	5.683	12.248
30-44	7.160	7.693	14.853
45-54	1.821	2.290	4.111
55 e máis	545	483	1.028
Total	16.091	16.149	32.240

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Os homes menores de trinta anos que cursaron especialidades de formación para o emprego en 2009 foron 6.565, fronte a 5.638 alumnas, é dicir, unha diferenza a favor dos homes de 882 alumnos. En xeral, a presenza masculina no acceso á formación para o emprego é maior en todos os rangos de idade, agás no pouco representativo de maiores de 54.


Alumnos cursos. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

De todos os xeitos, a formación de desempregados desde a perspectiva de xénero non acada excesiva preeminencia na representación masculina. Os mozos menores de trinta que cursaron formación para o emprego no ano 2009 supoñen un 53,6%, mentres que a presenza feminina nestes cursos foi do 46,4%. A maior paridade de representación por xénero obsérvase no tramo de idade intermedia (30-44), no que o colectivo feminino supera o 48%.

Porcentaxe de alumnos por sexo. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Na seguinte táboa establécese a clasificación do alumnado segundo as familias profesionais que engloban as especialidades formativas cursadas polo alumnado menor de trinta anos. A formación cursada en maior medida englobábase dentro dunha familia profesional de perfil eminentemente administrativo, como é Administración e xestión. No ano 2009 cursaron especialidades formativas desta familia un número de 2.458 mozos. En segundo lugar atopamos outra familia profesional de carácter técnico, aínda que cun maior grao de especialización, como é a de Informática e comunicacións, que contou con 1.708 alumnos. As especialidades formativas relacionadas con Transporte e mantemento de vehículos suscitaron o interese de 1.132 alumnos menores de trinta anos que decidiron orientar a súa inserción laboral no eido da automoción. Servizos socioculturais e á comunidade acadou unha cifra de 1.079 alumnos. O resto de familias profesionais rexistraron unha matrícula por debaixo de mil persoas.

Pola contra, as familias profesionais cuxos cursos foron menos impartidos están encabezadas polas especialidades que teñen relación coas Industrias extractivas, con tan só 5 alumnos menores de trinta anos. As familias profesionais que engloban especialidades formativas relacionadas con Marítimo-pesqueira (10 alumnos), Imaxe e son (23), Química (27) e Artes e artesanías (55) son as que tiveron menor número de alumnos neste tramo de idade.

Alumnos <30 por familia profesional	Galicia 2009
Administración e xestión	2.458
Informática e comunicacións	1.708
Transporte e mantemento de vehículos	1.132
Servizos socioculturais e á comunidade	1.079
Edificación e obra civil	875
Fabricación mecánica	639
Comercio e márketing	579
Hostalaría e turismo	546
Electricidade e electrónica	518
Madeira, moble e cortiza	455
Imaxe persoal	442
Artes gráficas	317
Sanidade	294
Seguridade e medio ambiente	283
Enerxía e auga	276
Instalación e mantemento	234
Agraria	232
Téxtil, confección e pel	196
Industrias alimentarias	137
Actividades físicas e deportivas	112
Formación complementaria	98
Artes e artesanías	55
Química	27
Imaxe e son	23
Marítimo-pesqueira	10
Industrias extractivas	5

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Aínda que de xeito moi desigual, as 26 familias profesionais existentes tiveron representación na oferta formativa da formación para o emprego no ano pasado. No gráfico pódense observar as dez familias profesionais onde se formou maioritariamente a mocidade galega no ano 2009.

10 familias profesionais con maior número de alumnos <30. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Se nos centramos na incidencia da representación xuvenil con referencia ao total do alumnado nas diferentes familias profesionais onde se programaron especialidades formativas, observamos que, con respecto aos cursos programados dentro das Actividades físicas e deportivas, do total de alumnos que cursaron especialidades formativas referidas a esa familia profesional no ano 2009, o 68,3% foron menores de trinta anos.


Peso porcentual menores <30 por familia profesional	Galicia 2009
Total Actividades físicas e deportivas	68,3
Total Química	64,3
Total Imaxe e son	63,9
Total Imaxe persoal	58,1
Total Electricidade e electrónica	52,2
Total Madeira, moble e cortiza	51,4
Total Artes gráficas	46,9
Total Edificación e obra civil	43,3
Total Enerxía e auga	43,3
Total Transporte e mantemento de vehículos	43,2
Total Hostalaría e turismo	42,7
Total Comercio e márketing	42,4
Total Instalación e mantemento	42,0
Total Fabricación mecánica	40,6
Total Agraria	40,5
Total Administración e xestión	39,2
Total Artes e artesanías	39,0
Total Informática e comunicacións	34,1
Total Seguridade e medio ambiente	32,5
Total Servizos socioculturais e á comunidade	30,2
Total Sanidade	29,6
Total Industrias alimentarias	28,0
Total Marítimo-pesqueira	27,8
Total Formación complementaria	24,6
Total Têxtil, confección e pel	23,4
Total Industrias extractivas	16,7

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Ademais da xa mencionada de Actividades físicas e deportivas, nas familias profesionais con maior proporción de alumnos menores de trinta anos destacan Química, cun 64,3%; Imaxe e son, cun 63,9%; e Imaxe persoal, cun 58,1%. En Electricidade e Madeira tamén observamos que máis da metade dos alumnos tiñan menos de trinta anos. De todos os xeitos, a maioría destas especialidades con sobrerepresentación xuvenil pertencen a familias profesionais con escaso número de alumnado; tal é o caso de Química, Imaxe e son ou Actividades físicas e deportivas. No caso das familias profesionais que contan con maior número de alumnos, como son Administración e xestión e Informática e comunicacións, a porcentaxe de alumnos menores de trinta anos que cursaron especialidades programadas destas familias profesionais son inferiores ao 40%; no caso da primeira,

queda ás portas desta porcentaxe cun 39,2%, mentres que en Informática e comunicacións a porcentaxe apenas supera a terceira parte, en concreto un 34,1%.

10 familias profesionais con maior proporción de alumnos <30. Galicia 2009




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

As provincias máis poboadas e con maior dinamismo laboral, como son as da Coruña e Pontevedra, rexistran un maior número de alumnos de todas as idades; isto tamén sucede dentro do colectivo de menores de trinta. Ambas as provincias aglutinan case por igual o alumnado máis novo; entre as dúas absorben case as dúas terceiras partes da poboación menor de trinta anos. A provincia da Coruña rexistra un 33% e a de Pontevedra un 32%.

As provincias de Ourense e Lugo, tamén dun xeito case paritario, capitalizan pouco máis da terceira parte de alumnos restante. Ourense representa o 18% e a provincia de Lugo o 17%.

Por último, destacamos as quince especialidades formativas que tiveron maior número de alumnos menores de trinta anos en Galicia no ano 2009. Como acabamos de ver coas familias profesionais, as especialidades máis cursadas teñen relación con actividades administrativas e de informática. De feito, a especialidade formativa de Informática de usuario foi a elixida en primeiro lugar pola mocidade galega en 2009, concretamente foron 562 alumnos e alumnas os que aprobaron os cursos impartidos desa especialidade. Tamén dentro desta actividade de informática foron 304 alumnos os que se rexistraron en cursos de Deseñador web e multimedia. Os cursos de Empregado de oficia foron os segundos con maior número de alumnos menores de trinta, concretamente acadaron a cifra de 337. Conductor de camión pesado, Produción eficiente e Carpinteiro obtiveron un número de alumnos entre 301 da primeira especialidade e 210 da última. Por debaixo de 200 alumnos sitúanse o resto de especialidades impartidas, de entre as que destacan as nove que se detallan na táboa.

Porcentaxe alumnos <29 por provincia. Galicia 2009



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

ESPECIALIDADES FORMATIVAS	Alumnos<29
Informática de usuario	562
Empregado de oficina	337
Deseñador web e multimedia	304
Condutor de camión pesado	301
Producción eficiente	228
Carpinteiro	210
Soldador de estruturas metálicas lixeiras	195
Electricista de edificios	194
Iniciación á rede internet	181
Monitor sociocultural	175
Camareiro/a de restaurante-bar	172
Perruqueiro	152
Instalador de sistemas de enerxía solar térmica	151
Experto en xestión de salarios e seguros sociais	146
Fontaneiro	145

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia



9. SINISTRALIDADE LABORAL

Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo segundo idade por gravidade.

Galicia 2009	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menor de 16 anos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
De 16 a 19 anos	31	6	37	2	0	2	0	0	0	33	6	39
De 20 a 24 anos	253	54	307	1	0	1	0	0	0	254	54	308
De 25 a 34 anos	865	217	1.082	5	1	6	0	0	0	870	218	1.088
De 35 a 44 anos	716	249	965	11	0	11	3	0	3	730	249	979
De 45 a 54 anos	657	241	898	17	6	23	9	1	10	683	248	931
De 55 a 65 anos	368	120	488	11	4	15	2	0	2	381	124	505
Maior de 65 anos	3	1	4	0	0	0	0	0	0	3	1	4
TOTAL	2.893	888	3.781	47	11	58	14	1	15	2.954	900	3.854

Fonte: ISSGA, Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

No ano 2009 o total de accidentes declarados durante a xornada de traballo para traballadores galegos maiores de 16 e menores de 25 anos ascendeu a 347, o que supón 9% do total dos accidentes rexistrados en todas as idades. A maior parte da sinistralidade laboral recae no colectivo masculino; concretamente, no caso da poboación traballadora menor de 25 anos, os accidentes sufridos polos homes representan o 82,7%. No entanto, a porcentaxe que mide a incidencia da sinistralidade con respecto á poboación afiliada menor de 25 anos acadou o 0,6% no ano 2009. Isto supuxo unha media de practicamente 1 accidente laboral por cada 170 traballadores, unha incidencia maior que a rexistrada para o total da poboación traballadora, que non chega ao 0,4%.

Por tipos de accidentes, atopamos unha incidencia moi desigual segundo as tres categorías. A inmensa maioría dos accidentes laborais acaecidos en 2009 encaixarían na tipoloxía de leves. Na poboación traballadora menor de 25 anos tan só se rexistraron tres accidentes graves e ningún mortal; todos eles recaeron na poboación masculina. A porcentaxe de accidentes laborais leves na poboación xuvenil segundo o xénero tamén amosa un marcado cariz masculino, concretamente representaron no ano 2009 o 82,6% do total.

10. CONCLUSIÓNS

CONCLUSIÓNS ACTIVIDADE E OCUPACIÓN XUVENIL SEGUNDO A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

- A porcentaxe da poboación xuvenil (16 a 29 anos), que en 2005 representaba o 18,7% do total, pasou en 2009 a representar o 16% (447.306 persoas), logo dun descenso continuado ano a ano. Isto contrasta co aumento do número de efectivos entre o colectivo de maiores de 29.
- O segmento de poboación activa máis nova, o comprendido entre maiores de 16 e menores de 30 anos, sufriu en 2009 unha perda de 17.013 efectivos, mentres que os maiores de 29 experimentaron un crecemento neto de 25.810.
- As taxas de actividade dos menores de trinta seguen a ser superiores ás da poboación total nas catro provincias galegas. Para o conxunto de Galicia, a taxa de actividade xuvenil acadou no ano 2009 o 61,5%, mentres que para o total da poboación foi do 54,8%.
- Se incidimos na perspectiva do xénero, os mozos galegos presentan, en termos xerais, un maior volume de activos que as mozas. A taxa de actividade xuvenil das mulleres sitúase no 58%, mentres que os homes acadan o 64,8%.
- No ano 2009 en Galicia vemos que, do total de 265.100 activos menores de trinta, 201.300 son ocupados, o que supón unha taxa de ocupación do 46,7%, un 1% menor que a do total dos galegos de todas as idades, que se sitúa no 47,7%. No que respecta ás diferenzas de ocupación xuvenil por xénero, os homes presentan un maior volume de ocupabilidade que as mulleres.
- Segundo a EPA, en Galicia no derradeiro trimestre de 2009 o número de parados acadou unha cifra de 168.400 persoas, das cales 63.700 son menores de trinta anos, o que supón unha taxa de desemprego xuvenil do 24%, case o dobre da taxa de paro para o conxunto da poboación, que é do 12,9%.
- A taxa de paro dos menores de trinta en Galicia é a mesma para homes e mulleres; isto é debido ao efecto compensatorio da provincia de Pontevedra, que rexistra unha menor taxa de desemprego xuvenil feminino que masculino. No resto das provincias o desemprego feminino é maior.

CONCLUSIÓNS DE PARO REXISTRADO

- A cifra total de parados inscritos como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia ascendeu en 2009 a 222.839, dos cales 52.895 son menores de trinta anos, o que representa o 23,7% do conxunto de parados galegos.
- O desemprego xuvenil masculino representa o 52%, o que supón unha cifra de 27.739 mozos parados, por 25.156 mulleres paradas menores de trinta anos (48%). Este dato non pode facernos esquecer o feito de que os homes presentan case 20.000 activos máis que as mulleres, polo que o colectivo feminino padece en maior medida o desemprego xuvenil.

- O incremento do desemprego xuvenil foi superior ao da poboación de trinta e máis anos. Este colectivo rexistrou nestes dous últimos anos unha variación anual superior nun 4,5% en 2008 e nun 1,9% en 2009.
- En 2009 o paro xuvenil ascendeu en máis de 17.000 persoas desde 2007, 8.000 delas con respecto a 2008. O maior incremento do desemprego produciuse no ano 2008; en 2009 o paro seguiu a crecer, aínda que a un ritmo algo inferior.
- En canto ao nivel de estudos dos desempregados galegos menores de trinta anos, podemos dicir que a maior cantidade aparece entre os que teñen a titulación máis básica, mentres que a medida que se avanza no grao académico o paro diminúe. O 60% dos parados galegos de menos de trinta anos teñen certificado de escolaridade e titulación en ensinanza obrigatoria; pola contra, os titulados universitarios e os que teñen bacharelato presentan unha porcentaxe de desemprego inferior.
- Por duración da demanda, podemos afirmar que a metade dos demandantes parados menores de trinta anos levan entre un mes e seis meses nesa situación. O paro de curta duración en Galicia é predominante entre a poboación xuvenil, dado que a este 50% lle debemos sumar o 17,2% de mozos e mozas que abandonan a situación de demandantes parados antes dun mes.
- O sector secundario e a construción foron os dous sectores nos que se acadou unha alza maior no desemprego xuvenil no ano 2009. A construción incrementou os seus niveis de desemprego xuvenil en máis do cincuenta por cento nos dous últimos anos; en 2007 había 3.098 desempregados no sector e en 2009 a cifra elévase ata os 7.464. O sector secundario experimentou en 2009 un incremento do paro do dobre do que rexistraba en 2007.
- É no sector servizos onde se concentran máis intensamente tanto o desemprego xuvenil como a ocupación. O 53% dos parados menores de trinta anos atópanse neste sector.

CONCLUSIÓNS DE CONTRATACIÓN

- Se observamos a evolución da contratación no último quinquenio, apreciamos que o impacto da crise incidíu especialmente no emprego xuvenil. Dos máis de 400.000 contratos rexistrados en 2005 a menores de trinta anos pasouse, logo de dous anos de moderado incremento, a 365.000 en 2008 e a 291.000 en 2009. Os traballadores a partir dos trinta anos ven reducida a súa porcentaxe de contratación nun 6,9%, mentres que para os menores de trinta anos se rexistrou un 28,3% menos de contratos.
- Dentro do colectivo xuvenil, os homes acusaron o descenso de actividade contractual en maior medida que as mulleres. Os mozos rexistran unha tendencia negativa dun 31,1%, mentres que as mozas caen un 25,1%, é dicir, 6 puntos menos.
- A gran maioría dos mozos e mozas contratados foron con carácter temporal. Tan só o 17,7% foron indefinidos. A estabilidade laboral reduciuse no ano 2009 nun 2% con respecto ao ano 2008.
- O panorama xeral da contratación da mocidade galega vén determinado pola preeminencia do sector servizos. Algo máis de catro de cada cinco contratos asinados en Galicia no ano 2009 con traballadores menores de trinta anos recaeron neste sector.

- *As actividades que rexistran unha maior contratación están encadradas dentro dos sectores da hostalaría, comercio e construción. Pola contra, os mozos teñen menor presenza relativa en ramas de actividade ligadas ao sector público, como administración pública, educación ou sanidade.*
- *As principais ocupacións nas que se concentra a contratación aos menores de trinta anos seguen a amosar un alto índice de temporalidade e unha elevada rotación no emprego.*
- *De acordo cos datos proporcionados polos servizos públicos de emprego de Galicia, o pasado ano 2009 formalizáronse na nosa comunidade 291.083 contratos con menores de 30 anos. Deles, 253.031 tiveron carácter temporal, co que a taxa de temporalidade das contratacións ao colectivo xuvenil ascendeu ao 86,9%.*
- *O panorama da contratación xuvenil dos menores de trinta anos rexistra unha maior incidencia nos grupos profesionais que aglutinan ocupacións de menor nivel de cualificación e salario. O 23%, case a cuarta parte, desenvolven actividades propias de traballadores non cualificados, e o 30,7% empréganse maioritariamente en traballos de hostalaría e vendedores de comercio.*

CONCLUSIÓN DE MOBILIDADE XEOGRÁFICA POR MOTIVOS LABORAIS

- *A mobilidade xeográfica por motivos laborais rexistrou un retroceso con respecto ao ano 2008, tanto nas entradas como nas saídas de traballadores da nosa comunidade autónoma, tanto nos traballadores máis novos como nos maiores de 29 anos, e igualmente en ambos os sexos.*
- *O descenso de mobilidade foi máis acusado entre a poboación masculina. A taxa de mobilidade dos homes menores de 30 rexistrou un descenso do 4,9%, mentres que a das mulleres foi do 3,1%.*
- *O fluxo de traballadores que saen de Galicia cara ao resto do Estado por motivos laborais é superior ao continxente de entrada na nosa comunidade desde o resto de comunidades autónomas. No caso da mocidade galega, o número de mozos menores de trinta que saíron de Galicia en 2009 ascendeu a 10.485 traballadores, dos cales 4.534 foron mulleres e 5.951 homes, mentres que os que entraron en Galicia foron 7.196, 2.832 mulleres e 4.364 homes.*
- *A Comunidade de Madrid foi o destino de case a terceira parte da mocidade galega que atopou traballo en 2009 fóra de Galicia. Tamén foi o punto de orixe de case o 17% dos traballadores menores de trinta que entraron en Galicia desde o resto do Estado, aínda que neste fluxo de entrada as comunidades limítrofes de Asturias e Castela e León achegaron unha porcentaxe similar de traballadores mozos, concretamente un 16% desde cada unha delas. Andalucía e Cataluña achegaron o 11,6% e o 9,4%, respectivamente. Os principais destinos de saída, ademais de Madrid, foron Cataluña (16,1%), Castela e León (10%) e Andalucía (7,2%).*
- *A mobilidade xuvenil acontece en maior medida nos grupos ocupacionais máis baixos, que son os que requiren menor preparación profesional e comportan unha menor retribución salarial.*
- *Nas ocupacións que precisan maior nivel de cualificación, a mobilidade xuvenil vén protagonizada de xeito predominante polo colectivo feminino. Tal é o caso dos técnicos e profesionais científicos e intelectuais, os técnicos e profesionais de apoio, e os administrativos. Pola contra, os traballadores non cualificados e os*

traballadores de industria e construción son en moita maior medida homes. As mulleres tamén presentan un maior nivel de mobilidade en traballos de restauración e vendedores de comercio.

- Obsérvase unha maior presenza feminina nos contratos que requiren un nivel de estudos máis alto, mentres que os desprazamentos dos homes contratados se realiza en moita maior medida en traballos que rexistran niveis académicos máis baixos.*
- Tanto no caso dos contratados que entran como dos que saen, a maior porcentaxe da mobilidade dos menores de trinta corresponde a niveis académicos básicos; concretamente, a porcentaxe de contratados de ensinanza obrigatoria acada case a terceira parte do volume total de contratados.*
- A maior parte da mocidade que se despraza por motivos laborais faíno con contratos temporais. O 87% dos que entraron en 2009 en Galicia e o 83% dos que saíron cara ao resto do Estado traballaron mediante esta modalidade de contratación.*

CONCLUSIÓNS DE AFILIACIÓN

- Dos 170.397 afiliados galegos de entre 16 e 29 anos, 148.970 (o 87,4%) cotizan no réxime xeral. Case o 10% son autónomos (16.513), e o resto, nunha porcentaxe moi residual, repártense entre os réximes do mar (2.458), fogar (1.402) e agrario (1.054).*
- Os mozos galegos inseridos no sistema de Seguridade Social acadaron unha cifra de 89.047 afiliados, mentres que as mulleres do mesmo grupo de idade rexistraron un balance de 81.350 efectivos.*
- A porcentaxe de afiliados galegos en alta laboral menores de trinta anos só representa o 17% do total. No ano 2005 a cifra de altas laborais da poboación menor de trinta anos no réxime xeral ascendía a 194.033 efectivos, mentres que en 2009 o número de afiliados descendeu en 45.062, acadando unha cifra de 148.971. Pola contra, os afiliados ao réxime xeral maiores de trinta pasaron de 519.771 a 584.990, o que supón un incremento de 65.219 novos membros no último quinquenio.*
- No ano 2008 fíxose máis evidente a caída, continuando o su descenso de xeito sostido en 2009. O ano 2006 experimentou unha pequena subida do 1,6%, mentres que en 2007 a estabilidade foi o comportamento dominante (-0,3%). A perda do número de traballadores faise evidente en 2008, cun 13,1% de afiliados menos, e continúa en 2009 cun -12,8%.*
- Dentro do réxime xeral, as actividades que rexistran maior número de afiliados dentro da poboación xuvenil están encabezadas polas actividades de comercio, concretamente o comercio ao retalho, con 21.074 persoas, ás que hai que sumarlles as 7.386 das actividades de comercio por xunto. A continuación sitúanse as actividades de construción (12.974) e a de hostalaría denominada servizos de comida e de bebida, con 10.702 afiliados.*
- As mozas galegas desenvolven maioritariamente a súa actividade profesional en ocupacións relacionadas co sector de servizos. As actividades de comercio son as que aglutinan o maior número de afiliadas menores de trinta anos, tanto no réxime xeral (16.032) como no caso das autónomas (1.255); a continuación sitúase*

a actividade de servizos de comidas e bebidas. As mulleres estranxeiras desenvolven maioritariamente a súa actividade laboral en ocupacións relacionadas coa hostalaría.

CONCLUSIÓN DE SALARIOS

- Para o ano 2007, a ganancia media anual dos mozos galegos de menos de 25 anos representa o 63,9% da ganancia media dos traballadores de todas as idades; no caso das mozas, a porcentaxe con respecto ás traballadoras de todas as idades é algo superior, concretamente acadan o 65,8%.
- A falta de datos dos anos 2008 e 2009 que nos permitan medir o impacto real da crise económica nos salarios da mocidade galega, a evolución do poder adquisitivo da poboación menor de 25 anos en 2006 e 2007 amosa un descenso da ganancia media anual que supón a perda de 553 € con respecto ao ano 2005. Se en 2005 a retribución media deste colectivo se situaba en 12.004 €, en 2006 pasa a ser de 11.699 € e finalmente en 2007 descende ata 11.451 €.
- Se as diferenzas salariais asociadas á idade son importantes, tamén se observa unha disparidade retributiva desde a perspectiva do xénero. A ganancia media anual das mulleres galegas de menos de 25 anos representa o 79,2% das ganancias dos homes do mesmo tramo de idade.

CONCLUSIÓN DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

- Os homes menores de 30 anos que cursaron especialidades de formación para o emprego en 2009 foron 6.565, fronte a 5.638 alumnas.
- A formación cursada en maior medida englobase dentro dunha familia profesional de perfil eminentemente administrativo, como é Administración e xestión. No ano 2009 cursaron especialidades formativas desta familia un número de 2.458 mozos. En segundo lugar atopamos outra familia profesional de carácter técnico, aínda que cun maior grao de especialización, como é a de Informática e comunicacións, que contou con 1.708 alumnos.
- A especialidade formativa de Informática de usuario foi a elixida en primeiro lugar pola mocidade galega en 2009, concretamente foron 562 alumnos e alumnas os que aprobaron os cursos impartidos desa especialidade. Tamén dentro desta actividade de informática foron 304 alumnos os que se rexistraron en cursos de Diseñador web e multimedia. Os cursos de Empregado de oficio foron os segundos con maior número de alumnos menores de trinta, concretamente acadaron a cifra de 337.

FONTES BIBLIOGRÁFICAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO (2009). *Informe mensual de paro rexistrado*.

INSTITUTO DE LA JUVENTUD (2008). *Juventud en España en 2004*.

L.E. ALONSO. *El mercado laboral de los jóvenes*.

J. M. SANTOS PRECIADO. *La segmentación del mercado laboral juvenil y su especialización ocupacional por edad y sexo*.

VÍCTOR MANUEL MUÑOZ SÁNCHEZ. *Apuntes teóricos sobre la crisis del empleo juvenil*.

FONTES ESTADÍSTICAS

ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA: *Instituto Galego de Estatística*
Instituto Nacional de Estatística

SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL

SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL



<http://traballoebenestar.xunta.es>

